

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16231 *Real decreto lei 20/2021, do 5 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes de apoio para a reparación dos danos ocasionados polas erupcións volcánicas e para a reconstrución económica e social da illa de La Palma.*

I

O pasado 19 de setembro de 2021, ás 15.12 horas (hora canaria), comezou unha erupción volcánica na zona de Montaña Rajada da illa de La Palma, no municipio de El Paso, con dúas fisuras grandes aliñadas en dirección NS, separadas entre si por uns 200 metros, 9 bocas eruptivas e dúas coadas de lava baixando en dirección ao mar, todo iso despois dunha intensa actividade sísmica e de deformación rexistrada durante a semana previa á erupción, segundo datos do Instituto Xeográfico Nacional.

Na mesma data foi activado o Plan estatal xeral de emerxencias de protección civil (Plexem) en fase de alerta e seguimento permanente. Por outra parte, foron activados, ás 15.00 horas do mesmo día 19 de setembro de 2021, a situación de emerxencia nivel 2 e o semáforo volcánico en nivel vermello, correspondentes ao Plan especial de protección civil e atención de emerxencias por risco volcánico da Comunidade Autónoma de Canarias (Pevolca). Co comezo da actividade volcánica, a Unidade Militar de Emerxencias (UME) foi desprazada á illa, xunto con numerosos medios das forzas e corpos de seguridade do Estado.

A erupción vén expulsando unha coada de lava intensa e materiais piroclásticos á atmosfera, presentando fases intermitentes de diferente explosividade volcánica, o que, ata a data, obrigou xa a evacuar preventivamente máis de 6.000 veciños dos municipios de El Paso, Los Llanos de Aridane e Tazacorte, e destruíu centenas de vivendas e explotacións agrícolas. Pola súa vez, tras dez días desde o inicio da expulsión de lava volcánica, esta acadou o mar pola costa de Tazacorte.

Pola súa parte, o Consello de Ministros, na súa reunión do 28 de setembro de 2021, aprobou un paquete de medidas, tanto de impacto inmediato como enfocadas a medio e longo prazo, destinadas, por unha banda, a axudar as persoas afectadas pola erupción do volcán de Cumbre Vieja de La Palma e, por outra, a articular a recuperación económica da illa e a reconstrución das infraestruturas afectadas.

Dentro das medidas de impacto inmediato, adoptouse o Real decreto 820/2021, do 28 de setembro, polo que se aproba a concesión directa á Comunidade Autónoma de Canarias dunha subvención para financiar a adquisición de vivendas e enxoval de primeira necesidade destinado ás familias afectadas pola erupción volcánica na zona de Montaña Rajada, na illa de La Palma (Santa Cruz de Tenerife). A dita medida destina 10,5 millóns de euros para cofinanciar a compra de ata 107 vivendas de titularidade pública ou privada para o realoxamento daquelas persoas que perderon o seu fogar tras a erupción volcánica, así como para a adquisición de enxoval de primeira necesidade.

Así mesmo, mediante acordo da mesma data, o Consello de Ministros declarou tamén a illa de La Palma zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil (ZAEPC) debido á erupción do volcán, polo que habilitou todos os departamentos ministeriais para determinaren as axudas necesarias para recuperar todos os danos provocados polo volcán.

Malia a adopción das medidas referidas, a dimensión e magnitude desta catástrofe natural, unida á imprevisibilidade da evolución e duración do fenómeno producido polo volcán de Cumbre Vieja, xustifican que o Goberno da Nación leve a cabo actuacións, coa

maior celeridade posible, dirixidas a mitigar os prexuízos que está a causar esta eventualidade.

Por todo iso, e en atención á natureza catastrófica descrita, concorren circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que habilitan o Goberno, de conformidade co previsto no artigo 86 da Constitución española, para adoptar as medidas que se recollen nesta norma.

II

Este real decreto lei consta dunha parte expositiva e dunha parte dispositiva estruturada en nove títulos, 52 artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O título I, artigos 1 a 3, incorpora as disposicións comúns sobre o obxecto e ámbito de aplicación da norma, así como o réxime xurídico aplicable ás axudas e subvencións previstas no real decreto lei, e especifica que se trata de subvencións directas establecidas legalmente de acordo co previsto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O título II, que comprende os artigos 4 a 8, recolle unha serie de actuacións destinadas a paliar danos persoais, en vivendas e establecementos industriais, mercantís e de servizos, así como para resarcir as corporacións locais dos gastos para facer fronte á emerxencia e as persoas por prestacións persoais e de bens.

Así, en primeiro lugar, en materia de axudas persoais, aplicarase a normativa vixente establecida no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

En segundo lugar, en materia de axudas en vivendas, flexibilízanse os medios de proba para acreditar a súa titularidade e os danos causados, déixanse sen efecto as limitacións derivadas dos ingresos das familias ou unidades de convivencia que visen sinistradas as súas vivendas, e dúplícase a contía das axudas con respecto ás previstas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

En terceiro lugar, en relación cos danos en establecementos industriais, mercantís e de servizos, posibilitase que a contía da axuda prevista no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, cando o interesado fose indemnizado polo Consorcio de Compensación de Seguros con aplicación da franquía normativamente prevista, se poida destinar a cubrir o importe desta última, sempre co límite de que o total das axudas, públicas ou privadas, non supere a contía do dano causado.

En cuarto lugar, respecto das axudas a corporacións locais por gastos que deban afrontar para facer fronte á emerxencia, elimínanse os requisitos e as contías previstos no mencionado Real decreto 307/2005, do 18 de marzo. Neste sentido, a medida principal é que a axuda se poderá estender ao 100 por cento dos gastos de emerxencia en que incorresen as corporacións locais.

Por último, neste título concédese un prazo excepcional de seis meses para solicitar as axudas, contado desde que se viron afectadas as vivendas ou os establecementos, ou foron realizados os gastos polas corporacións locais ou as prestacións por persoas físicas ou xurídicas, ou se produciron os danos persoais, e establécese a autoridade competente para tramitar e resolver as solicitudes de axudas.

O título III, que abrangue os artigos 9 a 11, establece medidas en materia de emprego, seguridade social e plans de pensións. Para ese efecto, establécese que o Plan extraordinario de formación e emprego para a illa de La Palma, previsto no punto terceiro.1 do Acordo do Consello de Ministros, do 28 de setembro de 2021, se financiará cun crédito por importe de 63 millóns de euros.

A finalidade do citado plan é, por unha parte, implementar un conxunto de medidas de acción rápida para paliar os danos cuxa reparación exixa unha maior urxencia e, por outra, articular unha serie de medidas de futuro para deseñar unha estratexia estrutural

que se active unha vez que o volcán cese a súa actividade, co obxectivo de recuperar a situación previa á erupción.

Así mesmo, prevense posibilidades de aprazamento e moratoria no ingreso de cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta para as empresas e traballadores por conta propia que se viron afectados pola erupción volcánica.

Pola súa parte, e co obxecto de facilitar que os afectados poidan atender necesidades sobrevidas de liquidez, prevese, con carácter de suposto excepcional, a posibilidade de dispoñer anticipadamente dos dereitos consolidados nos plans de pensións de que sexan partícipes, e fíxanse as condicións e o importe máximo de disposición.

O título IV, que abrangue os artigos 12 a 24, subdivídese pola súa vez en dous capítulos, relativos, respectivamente, a medidas en materia de consumo dirixidas a garantir o pleno exercicio dos dereitos das persoas consumidoras afectadas, e a medidas de suspensión de obrigas de pagamento de xuros e principal para préstamos e créditos con e sen garantía hipotecaria.

Deste xeito, o capítulo primeiro establece a suspensión dos prazos para o exercicio do dereito de desistencia ou outros dereitos adicionais que se poidan establecer contractualmente, como pode ser un potencial dereito de devolución. A evacuación de residentes en determinados municipios, así como a situación de estrés que están sufrindo estas persoas, fai necesario que os prazos para o exercicio dos seus dereitos se vexan suspendidos, para que os poidan exercer efectivamente unha vez que se vaia recuperando a situación de normalidade. Así mesmo, e coa finalidade de suprimir trámites que poderían impedir o exercicio efectivo destes dereitos, exímese da obrigación de presentar a documentación necesaria para o seu exercicio cando esta resulte de imposible obtención ou conservación polos efectos da erupción volcánica.

Este dereito confíreselles a todos os residentes, aínda que sexa de forma temporal, na zona declarada como afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, conforme o Acordo do Consello de Ministros, do 28 de setembro de 2021, polo que se declara a illa de La Palma (Santa Cruz de Tenerife) «Zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil».

Así mesmo, desenvólvese o estatuto de responsabilidades e execución de contratos de provisión de bens ou prestación de servizos que se viron ou se poidan ver afectados pola erupción volcánica. En primeiro lugar, concrétase a institución da forza maior prevista no artigo 1105 do Código civil. Desta forma, exonéranse as partes de responsabilidades respecto da execución dos contratos de imposible cumprimento e detállase a forma de levar cabo a restitución dos importes que puidesen ser aboados.

Prevese tamén de forma expresa a imposibilidade de execución de servizos de tracto sucesivo. Nestes casos, e de forma análoga a como se regulou no Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, permíttese o aprazamento da prestación do servizo ao momento en que se poida prestar de forma efectiva ou a devolución dos importes xa aboados, cando a persoa consumidora ou usuaria afectada non queira gozar do servizo de forma aprazada ou non poida. Nestes casos, prohíbese igualmente o cobramento de novas cotas ata que o servizo se poida prestar de forma efectiva.

Neste punto ponse de manifesto a prevalencia da normativa sectorial naqueles supostos en que esta xa regula a imposibilidade de execución do contrato por parte do empresario, como ocorre, por exemplo, coa normativa que regula a provisión de subministracións.

En segundo lugar, ante a alteración sobrevida das circunstancias que motivaron a subscripción de contratos de consumo polas persoas afectadas, establécese que naqueles contratos en que o empresario poida executar o contrato, pero a persoa consumidora non poida recibir o ben ou non poida gozar do servizo ou da subministración obxecto deste, se lles confire a estas persoas o dereito a optar entre a resolución do contrato ou o aprazamento da súa execución.

A base deste dereito radica no feito de que moitas persoas consumidoras ou usuarias afectadas se viron obrigadas a abandonar os seus domicilios, mesmo cando estes se encontran en zonas que non foron obxecto directo do paso da lava. Polo tanto, mesmo cando os contratos os poida executar o empresario, por exemplo, porque se pode seguir subministrando auga ou electricidade a unha vivenda, ou prestando un servizo de comunicacións electrónicas, estas persoas non poderán recibir os produtos ou gozar dos servizos ou subministracións que motivaron a subscrición do contrato. A finalidade pretendida é que estas persoas se vexan exoneradas do aboamento de cotas derivadas destes contratos, e poderase retomar o contrato unha vez que as persoas consumidoras ou usuarias afectadas poidan volver desfrutar do obxecto destes.

Así mesmo, confíreselles ás persoas consumidoras ou usuarias afectadas o dereito a poñeren fin a un contrato de transporte sen pagar ningunha penalización ao producirse unha circunstancia inevitable e extraordinaria que afecta significativamente a execución da viaxe. Trátase de conferirilles ás persoas viaxeiras un dereito que xa establece a normativa vixente en relación coas viaxes combinadas, como dispón o artigo 160.2 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro. Considérase que, ante este tipo de catástrofes naturais, se modificaron de forma substancial as condicións que fundamentaron a relación contractual inicial e, polo tanto, a persoa viaxeira debe ter dereito á súa cancelación de forma previa ao comezo da viaxe sen pagar ningunha penalización.

Por conseguinte, confírese este dereito respecto daqueles contratos de transportes subscritos de forma previa ao 13 de setembro de 2021, momento en que o Pevolca declarou a situación de alerta con activación de semáforo amarelo por risco volcánico na illa, que tivesen como destino a zona declarada como afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil conforme o Acordo do Consello de Ministros, do 28 de setembro de 2021, polo que se declara a illa de La Palma (Santa Cruz de Tenerife) «Zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil».

Finalmente, como garantía de seguridade xurídica, régulanse a forma e o prazo para o exercicio dos dereitos conferidos ás persoas consumidoras por este real decreto lei. Prevese un prazo de prescrición de cinco meses para o exercicio dos dereitos por parte das persoas consumidoras ou usuarias afectadas. Este prazo comezará a computar desde o momento en que nacese o dereito ou desde a entrada en vigor da norma, no caso de que o dereito nacese con anterioridade. Considérase un prazo proporcional para reunir os distintos intereses en xogo.

Pola súa parte, o referido capítulo segundo do título IV aborda un conxunto de medidas de suspensión de obrigacións de pagamento de xuros e principal –moratorias– para préstamos e créditos con e sen garantía hipotecaria, e regula o seu réxime e efectos. Para tal fin, inclúese entre as medidas deste real decreto lei unha moratoria legal de amplo alcance en relación coas débedas asociadas a créditos e préstamos dos afectados pola erupción. A moratoria terá unha duración inicial de seis meses ampliable noutros seis por acordo do Consello de Ministros.

Por unha parte, a moratoria cobre a débeda derivada de préstamos e créditos con garantía hipotecaria para persoas físicas e xurídicas titulares de inmobles situados na zona declarada como afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil que sufrisen danos ou tivesen que ser realoxadas.

Por outra parte, a moratoria cobre a débeda derivada de préstamos e créditos sen garantía hipotecaria para os residentes na zona declarada como afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil e para os titulares de explotacións agrarias, pesqueiras, mariñas ou forestais, así como establecementos mercantís, industriais e de servizos situados na dita zona. Como xa sucedía na moratoria para os préstamos e créditos non hipotecarios establecida durante a pandemia, esténdese a aplicación das condicións establecidas para a moratoria dos préstamos e créditos sen garantía hipotecaria aos contratos de arrendamento financeiro, a miúdo coñecidos pola súa

denominación en inglés como contratos de «leasing» ou «leasing financeiro», pola súa importancia no financiamento da actividade económica dos traballadores autónomos.

En canto ás condicións aplicables á moratoria establecida, tomouse como referencia a experiencia das moratorias legais establecidas con ocasión da epidemia da COVID-19, moi detallada e amplamente testada con ocasión da súa extensa aplicación durante a pandemia. Así, por exemplo, a moratoria é automática desde o momento en que se presenta a solicitude, tal e como sucede nas moratorias de débedas non hipotecarias establecidas durante a pandemia. Como é lóxico, se a entidade de crédito comproba a *posteriori* que os requisitos non se cumprían, poderá deixar a moratoria sen efecto e reclamar, de ser o caso, os danos e perdas que correspondan. Séguese tamén o modelo das moratorias legais adoptadas durante a pandemia en canto a unha serie de elementos moi técnicos, pero de gran relevancia para unha adecuada implementación destas: formalización unilateral da moratoria polo acredor, réxime de inscrición rexistral, de ser o caso, e non suxeición á lexislación de crédito inmobiliario, en particular no que se refire ao réxime de novacións. Así mesmo, establécese un réxime de bonificacións para os aranceis rexistrais e notariais que se poidan devindicar, así como unha exención do imposto de actos xurídicos documentados.

Establécese a supervisión polo Banco de España do cumprimento, por parte das entidades de crédito afectadas, do disposto neste real decreto lei, e un completo réxime de información sobre as moratorias outorgadas, a súa contía e os seus beneficiarios, co fin de poder controlar adecuadamente a evolución da situación.

O título V, que comprende os artigos 25 a 30, desenvolve diferentes medidas tributarias e concreta as primeiras medidas anunciadas no Acordo do Consello de Ministros, do 28 de setembro de 2021, polo que se declara a illa de La Palma (Santa Cruz de Tenerife) «Zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil».

Concédense exencións e reducións nas cotas do imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre actividades económicas correspondentes ao exercicio 2021 que afecten vivendas, establecementos industriais, turísticos, mercantís, marítimo-pesqueiros e profesionais, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares danados polas erupcións, e prevese tamén a posibilidade de que os contribuíntes que satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal poidan pedir a devolución das cantidades ingresadas. Así mesmo, concédese unha exención das taxas de tráfico pola tramitación de baixas de vehículos danados e na expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución destruídos ou extraviados polas ditas causas.

Establécese para as actividades agrarias unha redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde HAC/1155/2020, do 25 de novembro, pola que se desenvolven, para o ano 2021, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Establécese un aprazamento das débedas tributarias cuxo prazo de presentación e ingreso finalice desde o día seguinte ao da entrada en vigor do real decreto lei ata o día 31 de xaneiro de 2022.

Finalmente, para coadjuvar á recuperación do patrimonio cultural da illa de La Palma, declárase que a dita actividade terá, durante o exercicio de 2021, a consideración de actividade prioritaria de mecenado, o que permitirá a aplicación de deducións fiscais conforme a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Pola súa parte, o título VI, que comprende os artigos 31 a 37, recolle accións en materia de mobilidade, subministracións e de apoio ás infraestruturas.

Por unha parte, prevese medidas de apoio en materia de infraestruturas da rede de transporte terrestre da illa e para a navegación marítima Canarias-Península. Por outra parte, e en relación coas medidas enerxéticas que establece este real decreto lei, recóllense unha serie de disposicións en materia de subministracións enerxéticas que permiten aliviar as graves consecuencias sociais e económicas ocasionadas na illa de La Palma pola erupción volcánica. Artículanse así medidas de flexibilización contractual

para os contratos de subministración de enerxía eléctrica das cales se poderán ver beneficiados aqueles autónomos e empresas que, directa ou indirectamente, se vexan afectados pola erupción volcánica en Cumbre Vieja.

Así, prevese a posibilidade de modificar as condicións contractuais para autónomos e empresas, incluíndo a modificación de potencias contratadas, sen custo ningún para os consumidores finais. Por outra parte, artículase un aprazamento dos pagamentos das facturas de electricidade a autónomos situados na illa de La Palma, moratoria que se prolongará durante seis meses contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

Ademais, garántese que aqueles puntos de subministración directamente afectados pola erupción volcánica poidan, ben resolver os seus contratos de subministracións sen custo ningún cando os códigos universais de puntos de subministración (CUPS) se visen afectados de maneira irreversible, ou ben suspender os ditos contratos cando a subministración se vise interrompida por razón da situación de emerxencia. Neste último caso, a reactivación dos contratos previamente suspendidos realizarase igualmente sen custo ningún para os consumidores finais afectados.

Noutra orde de cousas, establécese un réxime de axudas a entidades locais para as obras de reparación, restitución ou reconstrución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos de titularidade municipal ou insular.

Xunto con isto, concédeselle ao Cabido Insular de La Palma unha subvención de 500.000 euros para financiar as obras de emerxencia na rede viaria insular que permitan garantir a mobilidade na zona afectada ata que se poidan acometer as actuacións de reparación, restitución ou reconstrución das vías danadas directamente polo sinistro.

En particular, no que se refire ao restablecemento das comunicacións viarias, a singularidade do fenómeno volcánico fai que sexa preciso buscar solucións non habituais para restablecer as comunicacións. Así mesmo, cabe destacar que a coada de lava volcánica afectou gravemente a estrada LP-2, de titularidade do Goberno canario. Por este motivo habilítase o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para adoptar as medidas que se consideren máis adecuadas para o apoio á Comunidade Autónoma de Canarias na busca de solucións para o restablecemento das infraestruturas na rede de estradas afectadas pola erupción do volcán e posterior execución das obras, a través dos correspondentes instrumentos xurídicos.

Finalmente, neste título autorízase o Ministerio de Sanidade para adoptar as medidas que se consideren máis adecuadas para o apoio á Comunidade Autónoma de Canarias na busca de solucións para o restablecemento das infraestruturas sanitarias afectadas pola erupción e para a posterior execución de obras.

O título VII, que comprende os artigos 38 a 43, establece medidas relativas aos sectores agrario e pesqueiro. En relación coas axudas directas para a compensación dos prexuízos producidos en explotacións, producións e instalacións agrícolas e gandeiras, séntanse as bases dunhas posibles subvencións directas, co ánimo de paliar os efectos que a coada e as cinzas poidan provocar xa sexa de forma directa ou indirecta. Considérase igualmente que estas axudas deben ser compatibles dentro do marco de axudas de Estado, xa que, segundo informa a propia comunidade autónoma, nestas axudas por catástrofes os danos producidos pola erupción volcánica terían cabida nas medidas 5.1 e 5.2 do Programa de desenvolvemento rural de Canarias 2014-2020, que xa cofinancian o Estado e o Feader.

Do mesmo xeito, establécese que a restauración de infraestruturas rurais de uso colectivo poida ser declarada de emerxencia e prevese a urxente ocupación para efectos expropiatorios, se así se require.

Así mesmo, introdúcese un artigo dirixido á promoción de medidas dirixidas a mitigar a perda de solo agrario da illa, que posibiliten a permuta de terreos para recolocar explotacións e mitigar a posible perda de biodiversidade mariña e medidas para mitigar a afectación pesqueira.

No que respecta ás axudas directas para a compensación dos prexuízos producidos a armadores e tripulantes, establécense axudas para aqueles que tivesen que parar a súa actividade pesqueira como consecuencia da actividade volcánica.

Pola súa vez, prevese a posibilidade de concesión de axudas aos propietarios de buques e de lonxas, de instalacións de acuicultura en mar e terra, que compensen a perda ou os prexuízos producidos como consecuencia dos ditos acontecementos.

Pola súa parte, e co obxecto de facilitar a liquidez, prevese a convocatoria de axudas de acceso ao financiamento, as cales serán articuladas mediante a Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA), que ofrecerá avais ás explotacións agrícolas e gandeiras, industrias agroalimentarias e armadores a custo cero a toda a zona declarada ZEAEP.

Noutra orde de cousas e para maior claridade xurídica, cualifícanse os sucesos acontecidos baixo a consideración de forza maior, para os efectos de que os perceptores de determinadas axudas agrarias ou pesqueiras se vexan eximidos do cumprimento dos requisitos e compromisos que exige a normativa sobre este tipo de axudas.

Pola súa banda, no título VIII, que comprende os artigos 44 a 46, establécense medidas de recuperación en materia de biodiversidade e espazos naturais protexidos.

Así, en primeiro lugar, débese ter presente que a totalidade do territorio insular de La Palma foi declarada Reserva Mundial da Biosfera (en diante, RMBLP) pola UNESCO, o 6 de novembro de 2002, que recoñece o seu territorio cun instrumento internacional emblemático para combater a crise ambiental ao configurar un modelo de xestión integrada, participativa e sustentable do patrimonio e dos recursos naturais.

Por iso, mediante este real decreto lei concédese unha subvención directa á «Fundación Canaria Reserva Mundial de la Biosfera La Palma», órgano xestor da RMBLP, que irá destinada a restaurar o contorno socioeconómico e ambiental na RMBLP, afectado pola erupción do volcán.

Por outra parte, tamén cómpre salientar que o Parque Nacional de «La Caldera de Taburiente», na illa de La Palma, que ten unha extensión aproximada de 3.500 hectáreas, situadas no termo municipal de El Paso, foi declarado Parque Nacional en 1954 e reclasificado como tal a través da Lei 4/1981, do 25 de marzo, de reclasificación do Parque Nacional de La Caldera de Taburiente (illa de La Palma), co fin de protexer a integridade dos seus valores naturais, en razón da incorporación na Rede de parques nacionais dunha representación dos ecosistemas ligados a procesos volcánicos e vexetación asociada.

O Real decreto 1229/2005, do 13 de outubro, polo que se regulan as subvencións públicas con cargo aos orzamentos xerais do Estado nas áreas de influencia socioeconómica (AIS) dos parques nacionais, regula as axudas técnicas, económicas e financeiras nas AIS coa finalidade de promover o desenvolvemento sustentable das poboacións que contén no seu territorio cos ditos espazos naturais protexidos.

Así, este real decreto lei tamén prevé un proceso conxunto coa Comunidade Autónoma de Canarias e co Cabido de La Palma para a identificación de afeccións pola erupción volcánica ao patrimonio natural e, en particular, á rica e singular biodiversidade canaria e palmeira. Aínda que a erupción é un proceso natural e a natureza do arquipélago é resultado de múltiples procesos similares ao longo da súa historia, non cabe dúbida de que a intensidade de uso do territorio e a alteración do patrimonio natural pola actividade humana condicionaron o desenvolvemento dos procesos naturais e a extensión e conservación dos sistemas ecolóxicos e dos seus valores. Por iso non é conveniente proxectar, no ámbito da conservación do patrimonio natural, unha acción de non intervención e mero seguimento.

Establécese así un proceso de colaboración coas autoridades canarias para o traballo conxunto e de apoio na identificación e predición de posibles afeccións, co fin de incidir tanto na pronta identificación de danos como na anticipación de posibles problemáticas que se poidan ocasionar ao patrimonio natural.

O título IX, subdividido en catro capítulos, recolle un amplo abano de medidas complementarias de apoio aos afectados pola erupción volcánica:

O capítulo 1.º, que comprende os artigos 47 a 49, recolle medidas organizativas en materia rexistral e notarial, co obxecto de permitir que as persoas afectadas poidan dispoñer de forma gratuíta de información gráfica sobre o estado dos predios afectados pola lava volcánica e a súa situación rexistral, para o cal se reforzará a atención á poboación por medio das notarías con sede en La Palma. Así mesmo, facúltase o Ministerio de Xustiza para adoptar as medidas que considere adecuadas para analizar o réxime xurídico da titularidade e cargas dos bens e dereitos sobre inmobles que quedaron cubertos pola lava.

O capítulo 2.º, que comprende o artigo 50, establece a posibilidade de conceder axudas en materia de servizos sociais, co fin de financiar prestacións básicas de servizos sociais para desenvolveren as entidades locais dos municipios afectados pola erupción.

O capítulo 3.º, que abarca o artigo 51, determina medidas e axudas para atender as vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra as mulleres e de delitos de odio afectadas pola catástrofe.

O capítulo 4.º, que recolle o artigo 52, establece medidas en materia de investigación, co cal se prevé a posibilidade de concesión de axudas que promovan a realización de actuacións de investigación científica e técnica, enfocadas ao estudo das erupcións volcánicas na illa de La Palma e dos riscos e consecuencias asociadas.

Noutra orde, a parte final da norma recolle tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira establece que as medidas contidas neste real decreto lei se financiarán de conformidade co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e serán atendidas con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes. Naqueles casos en que se acrediten insuficiencias orzamentarias nos departamentos ministeriais, as actuacións poderanse financiar con cargo ao Fondo de continxencia de execución orzamentaria.

A disposición adicional segunda recolle a posibilidade de articular un plan de axilización xudicial unha vez que finalice a situación provocada pola erupción do volcán Cumbre Vieja na illa de La Palma.

A disposición adicional terceira declara determinadas obras de interese xeral do Estado.

A disposición derogatoria única derroga cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Pola súa parte, a disposición derradeira primeira modifica puntualmente o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.

A disposición derradeira segunda recolle os títulos competenciais da Constitución española que amparan o Estado para aprobar as distintas medidas recollidas neste real decreto lei.

A este respecto, á marxe dos títulos competenciais específicos que se recollen na referida disposición derradeira para as propostas por razón da materia concreta de que se trate, esta norma descansa sobre un título competencial transversal que afecta o conxunto do proxecto e que ten que ver co suceso catastrófico que o motiva. Este título é o da materia protección civil que, como sinalou unha reiterada xurisprudencia constitucional (por todas, SSTC 123/1984, do 18 de decembro, 133/1990, do 19 de xullo, 31/2010, do 28 de xuño, 58/2017, do 11 de maio, entre outras), se insire prioritariamente no artigo 149.1.29.ª da Constitución española, que lle atribúe competencia ao Estado en materia de seguridade pública.

En última instancia, a disposición derradeira terceira establece a entrada en vigor desta norma.

III

A magnitude dos danos materiais producidos pola erupción volcánica na illa de La Palma, a súa incidencia na actividade económica e a intensidade e imprevisible duración deste fenómeno fan preciso impulsar a adopción de medidas extraordinarias de diversa índole. Á destrución e danos materiais que ocasionou a coada de lava engádesse o risco que comporta a emisión de gases e cinza volcánica, o que obrigou a restrinxir a mobilidade da poboación e a limitar o acceso a servizos esenciais, alterando extraordinariamente a vida dos residentes na zona afectada e a actividade económica de toda a illa.

As axudas previstas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión, resultan insuficientes para paliar os danos ocasionados por este suceso. Ante a magnitude e a gravidade da emerxencia e a práctica desaparición de moitos inmobles, sobre todo dos destinados a vivenda, considerouse necesario eliminar ou modificar algunhas das limitacións que para a percepción das axudas se establecen no citado real decreto.

Por iso, e co fin de adoptar, coa urxencia que exixen as circunstancias descritas, medidas extraordinarias para paliar os danos en vivendas e establecementos industriais, mercantís e de servizos, así como para resarcir as corporacións locais dos gastos para facer fronte á emerxencia e as persoas por prestacións persoais e de bens, urxe establecer mediante este real decreto lei o réxime aplicable ás ditas axudas, ao concorreren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que habilitan o Goberno para a súa adopción, de conformidade co previsto no artigo 86 da Constitución española.

Pola súa banda, o desemprego na Comunidade Autónoma de Canarias é un fenómeno persistente que se agravou durante a pasada crise e con motivo do impacto sanitario e social da COVID-19, poñendo en evidencia as importantes deficiencias do mercado de traballo. Non se trata dunha situación conxuntural, senón que está orixinada polo conxunto de grandes déficits, de carácter estrutural, moi relacionados coa fragilidade do modelo de desenvolvemento económico e coa súa condición de rexión ultraperiférica. Existindo en por si todos estes condicionantes na illa de La Palma, a emerxencia volcánica ocasionada o pasado 19 de setembro de 2021 veu agravar a situación económica de partida na illa, polo que é necesario establecer unha actuación que conteña unha serie de medidas de carácter excepcional en materia de emprego para mitigar os danos producidos polo proceso volcánico.

A finalidade que persegue o Plan extraordinario de emprego e formación que se proxecta neste real decreto lei non é outra que a de implementar un conxunto de medidas de acción rápida para paliar os danos cuxa reparación exixa unha maior urxencia e, por outra parte, que dispoña unha serie de medidas de futuro para deseñar unha estratexia estrutural que se active unha vez que o volcán cese a súa actividade, co obxectivo de recuperar a situación previa á erupción.

É preciso implementar con urxencia as medidas que se integran neste plan extraordinario de emprego e formación e que se dirixen, principalmente, á recuperación da actividade económica e do emprego nas zonas da illa de La Palma máis afectadas pola erupción volcánica. As ditas medidas vincúlense á necesidade de promover a empregabilidade e adaptabilidade das persoas traballadoras, a súa inserción en sectores de actividade diversificados, así como o mantemento do emprego na medida en que iso sexa posible.

As medidas previstas orientaranse a dar un novo impulso ao sector primario e pesqueiro, que ocupa unha parte significativa da poboación rural da zona afectada pola emerxencia, xunto coa modernización do sector turístico e a potenciación da actividade industrial, pero, ao mesmo tempo, procurarase o fomento de actividades económicas xeradoras de novos empregos, que aproveiten ao máximo os recursos dispoñibles, que favorezan a recualificación das persoas e a reorientación laboral, no ámbito da

transformación dixital e da economía verde, entre outras posibilidades; en definitiva, preténdese que o conxunto de medidas que se aborde mitigue as dificultades urxentes no emprego e, pola súa vez, permita avanzar cara a un modelo produtivo de calidade que reduza as desigualdades e fortaleza a cohesión social.

O impacto que tivo a erupción volcánica sobre a actividade económica e laboral da illa de La Palma aconsella establecer de forma urxente medidas que contribúan a dotar de liquidez traballadores e empresarios, amortecendo así as perdas que está a ocasionar a erupción volcánica e os seus efectos sobre a actividade económica e o emprego. Para tal fin, establécese a posibilidade de que empresas e traballadores por conta propia poidan solicitar o aprazamento ou a moratoria no ingreso de cotas da Seguridade Social e outros conceptos de recadación conxunta. E, igualmente, establécese excepcionalmente a posibilidade de que os afectados poidan dispoñer anticipadamente dos dereitos consolidados nos plans de pensións de que sexan partícipes, para que poidan atender necesidades sobrevidas e urxentes de liquidez.

Por conseguinte, concorren nas medidas en materia laboral, de seguridade social e de plans de pensións que se adoptan, pola súa natureza, finalidade e polo contexto en que se ditan, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a este tipo de norma.

Noutra orde, os desastres naturais sitúan todas as persoas consumidoras afectadas nunha posición de vulnerabilidade, no sentido do artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios. No mencionado artigo establécese que teñen a consideración de persoas consumidoras vulnerables aquelas persoas físicas que, de forma individual ou colectiva, polas súas características, necesidades ou circunstancias persoais, económicas, educativas ou sociais, se encontran, aínda que sexa territorial, sectorial ou temporalmente, nunha especial situación de subordinación, indefensión ou desprotección que lles impide o exercicio dos seus dereitos en condicións de igualdade.

A imposibilidade territorial, temporal e circunstancial que padece a poboación afectada de acceder a determinados bens e servizos, así como a complexidade de facer valer os seus dereitos, fai patente a especial situación de vulnerabilidade en que se encontran os veciños da illa canaria de La Palma.

Neste sentido, os poderes públicos están obrigados, en virtude do artigo 8.2 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, a promover políticas e actuacións co obxectivo de garantir os dereitos das persoas consumidoras vulnerables en condicións de igualdade, conforme a concreta situación de vulnerabilidade en que se encontren, pois os dereitos das persoas consumidoras vulnerables gozan de especial atención.

A finalidade deste real decreto lei consiste, por tanto, en prover a recuperación social, económica, laboral, educativa e ambiental na illa de La Palma, minimizando o impacto da actividade volcánica e, en todo caso, de forma transversal garantir a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias que se encontran nunha especial situación de vulnerabilidade.

Ante as dificultades de toda índole que está a ocasionar a erupción volcánica, considérase conveniente complementar as medidas de protección de persoas consumidoras previstas neste real decreto lei cun alivio temporal na carga financeira que soportan os afectados, co fin de que conten cunha maior marxe para facer fronte ás necesidades urxentes derivadas da erupción, en particular do eventual desaloxo e dos danos que puidesen sufrir como consecuencia dela.

Para iso, prevese a suspensión temporal das obrigacións contractuais derivadas de todo préstamo ou crédito con ou sen garantía hipotecaria que estivese vixente na data de entrada en vigor deste real decreto lei, cando estea contratado por unha persoa física residente na zona declarada como afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil conforme o Acordo de Consello de Ministros, do 28 de setembro

de 2021, polo que se declara a illa de La Palma (Santa Cruz de Tenerife) «Zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil».

Por conseguinte, pola súa natureza, finalidade e polo contexto en que se ditan, concorren, en medidas adoptadas por este real decreto lei en materia de persoas consumidoras, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a este tipo de norma.

Polo que se refire ás medidas de carácter tributario, como sinala a STC 100/2012, do 8 de maio, no seu FX 9, «do feito de que a materia tributaria estea suxeita ao principio de reserva de lei (artigos 31.3 e 133.1 e 3 da CE) e de que a dita reserva teña carácter relativo e non absoluto "non deriva necesariamente que se encontre excluída do ámbito de regulación do decreto lei, que poderá penetrar na materia tributaria sempre que se dean os requisitos constitucionais do presuposto habilitante e non 'afecte', no sentido constitucional do termo, as materias excluídas" (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 8; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; e 108/2004, do 30 de xuño, FX 7; 245/2004, do 16 de decembro, FX 4, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7) (...)».

E, sobre este particular, na sección 2 do capítulo segundo do título I da Constitución, baixo a rúbrica «Dos dereitos e deberes dos cidadáns», insírese o artigo 31.1 da CE, precepto que establece «un auténtico mandato xurídico, fonte de dereitos e obrigacións», do cal «deriva un deber constitucional para os cidadáns de contribuíren, a través dos impostos, ao sostemento ou financiamento dos gastos públicos» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 6; 245/2004, do 16 de decembro, FX 5, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7); e é, en consecuencia, un dos «deberes cuxa afectación está vedada ao decreto lei o deber de contribuír ao sostemento dos gastos públicos que enuncia o artigo 31.1 da CE» (SSTC 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 245/2004, do 16 de decembro, FX 5, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7) (...).

Pois ben, o artigo 31.1 da CE «conecta o citado deber de contribuír co criterio da capacidade económica» e relaciónao, pola súa vez, «non con calquera figura tributaria en particular, senón co conxunto do sistema tributario», polo que queda claro que «o decreto lei non poderá alterar nin o réxime xeral nin aqueles elementos esenciais dos tributos que inciden na determinación da carga tributaria, e afectar así o deber xeral dos cidadáns de contribuíren ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa riqueza mediante un sistema tributario xusto» (SSTC 182/1997, do 18 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). De maneira que vulnerará o artigo 86 da CE «calquera intervención ou innovación normativa que, pola súa entidade cualitativa ou cuantitativa, altere sensiblemente a posición do obrigado a contribuír segundo a súa capacidade económica no conxunto do sistema tributario» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7). Por tanto, será preciso ter en conta «en cada caso en que tributo concreto incide o decreto lei –constatando a súa natureza, estrutura e a función que cumpre dentro do conxunto do sistema tributario, así como o grao ou medida en que intervén o principio de capacidade económica–, que elementos del –esenciais ou non resultan alterados por este excepcional modo de produción normativa– e, en fin, cales son a natureza e o alcance da concreta regulación de que se trate» (SSTC 182/1997, do 28 de outubro, FX 7; 137/2003, do 3 de xullo, FX 6; 108/2004, do 30 de xuño, FX 7, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 7).

Á luz destas consideracións, cabe afirmar que as medidas tributarias contidas neste real decreto lei non vulneran o citado artigo 31 da Constitución xa que, como se sinala na antes citada STC 100/2012 (FX 9), non alteran «de maneira relevante a presión fiscal que deben soportar os contribuíntes e, por conseguinte, non provocaron un cambio substancial da posición dos cidadáns no conxunto do sistema tributario, de maneira que non afectaron a esencia do deber constitucional de contribuír ao sostemento dos gastos públicos que enuncia o artigo 31.1 da CE» (SSTC 137/2003, do 3 de xullo, FX 7, e 108/2004, do 30 de xuño, FX 8), máis ben todo o contrario, xa que as medidas

tributarias que se aproban neste real decreto lei supoñen unha diminución da presión fiscal e un alivio das obrigacións fiscais dos contribuíntes afectados, co fin de contribuír a paliar os efectos devastadores producidos polas erupcións volcánicas na illa de La Palma.

A coada de lava volcánica destruíu ou afectou gravemente as infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos dos municipios afectados, imposibilitando ou alterando gravemente a mobilidade e os desprazamentos dos habitantes da illa. Malia que non se coñece aínda o alcance exacto, de acordo coa información de que se dispón constátase que a magnitude dos danos é netamente superior á doutros incidentes de natureza catastrófica que habitualmente se xestionan a través dos mecanismos derivados da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil.

Por este motivo, considerouse necesario articular un procedemento que permita unha canalización máis áxil das axudas e outorgouse unha subvención directa ao Cabido Insular de La Palma para financiar as obras de emerxencia na rede viaria insular que permitan garantir a mobilidade na zona afectada ata que se poidan acometer as actuacións de reparación, restitución ou reconstrución das vías danadas directamente polo sinistro. Desta forma preténdese facilitar que, nas vindeiras semanas, o Cabido de La Palma poida levar a cabo de maneira inmediata as operacións necesarias para que sexa posible desprazarse pola zona afectada, unha necesidade que foi posta de manifesto pola poboación residente e, en particular, polos equipos de emerxencia.

Tamén se prevé que, cando sexa posible avaliar os danos e identificar as actuacións que cómpre realizar, se concedan de maneira directa as axudas destinadas á reparación, restitución e reconstrución das infraestruturas, equipamentos, instalacións e servizos de titularidade municipal e local, incluídas algunhas infraestruturas que son esenciais para a poboación desta zona da illa, como as sanitarias.

Para iso prevese un procedemento que permita que as axudas propias da fase de recuperación poidan chegar aos seus destinatarios da maneira máis rápida posible, e corresponde ao Ministerio de Política Territorial o establecemento das condicións, seguimento e control das subvencións a partir dos mecanismos que se veñen utilizando no sistema vixente de protección civil, incluída, de ser o caso, a existencia de cofinanciamento, que se adaptará á situación específica das entidades locais, que nalgúns casos puideron perder a maior parte dos seus bens. Prevese que as axudas poidan financiar obras de reconstrución, e non só de reparación e restitución, pois apréciase que algunhas das infraestruturas afectadas resultaron completamente destruídas e será precisa unha actuación integral para recuperar a funcionalidade do servizo.

Por outra banda, e co obxecto de facilitar unha recuperación económica rápida da illa de La Palma, mandátase o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para incluír no contrato de liña de navegación de interese público entre as illas Canarias e a Península a conexión da illa de La Palma coas illas maiores do arquipélago e a Península co obxecto de que se oferte unha conexión marítima sen transbordos aos cidadáns que se deban desprazar por vía marítima a La Palma desde a Península ou a algunha das illas maiores sen conexión directa. Esta conexión marítima permite tamén que os condutores de vehículos de carga e cabezas tractoras usen esta liña sen necesidade de transbordos.

En relación coas medidas enerxéticas, a situación de emerxencia causada pola erupción do volcán Cumbre Vieja está provocando unha situación crítica que afecta xa multitude de fogares, con graves consecuencias sobre os bens materiais das poboacións próximas á dita actividade volcánica. Neste contexto resulta imprescindible adoptar todas aquelas medidas que resulten necesarias para aliviar as graves consecuencias, sociais e económicas, que deriven da erupción do volcán.

Particularmente, resulta imprescindible que as medidas adoptadas engloben tamén a dimensión enerxética, tendo en conta que os ditos insumos representan un ben esencial tanto para os fogares como para as empresas afectadas. Por iso, as medidas incluídas neste real decreto lei tratan de flexibilizar as condicións de contratación asociadas á

subministración eléctrica para todas aquelas empresas que se poidan ver afectadas, directa ou indirectamente, pola situación sobrevida.

En definitiva, dada a situación de emerxencia natural antes descrita, conclúese como necesaria e proporcionada a aprobación deste real decreto lei para garantir o despregamento das medidas propostas de forma inmediata e de maneira eficaz para lograr os obxectivos que se perseguen, pois é patente a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar as medidas en materia de mobilidade, subministracións e apoio ás infraestruturas previstas neste real decreto lei.

Respecto do paquete de medidas que se recollen no ámbito agrario, cabe destacar dous elementos diferenciadores respecto doutras catástrofes naturais. Por unha parte, polo impacto a longo prazo dos danos daquelas superficies que quedaron sepultadas pola lava por imposibilidade de seguir destinándose ao aproveitamento agrario. Por outra, pola imposibilidade de aseguramento, tendo en conta que o risco de volcán non resulta asegurable polo sistema do seguro agrario e queda, ademais, expresamente excluído da posibilidade de cobertura dos riscos extraordinarios do Consorcio de Compensación de Seguros.

En concreto, no ámbito agrícola, constatouse xa a destrución de numerosas parcelas de cultivo de viña, aguacate, oliveiras, hortalizas, cítricos, froiteiras, bananeiros e varios hortos de tipo familiar e invernadoiros, ás cales se deben engadir as superficies agrarias non utilizadas e os pastos, na falta de determinar o número exacto de hectáreas afectadas. A destrución desta superficie de cultivo súmase á incomunicación de varias parcelas cos consecuentes prexuízos para tales actividades. Así mesmo, as características do fenómeno impediranlles en determinados casos aos operadores agrícolas restableceren a actividade en orixe e continuar co seu medio de vida.

No sector gandeiro, débese ter en conta que a necesaria evacuación dos animais das explotacións en perigo e sobre as cales pesaba a caída de materiais procedentes do volcán interrompeu a normal actividade destas explotacións que, de forma inmediata, sufrirán unha diminución radical dos seus ingresos ante a imposibilidade de retomar a súa actividade nos lugares en que foron recollidos, pois non dispoñen das infraestruturas necesarias para a muxidura e a elaboración de queixo nas cales se sustentaba a súa renda principal.

Por outra parte, existen explotacións que, sen seren directamente danadas pola lava do volcán, se viron incomunicadas polas medidas de control instauradas polas actividades competentes e sufriron danos pola destrución de canles e redes de rega, o que dificultou gravemente a súa actividade diaria e o mantemento dos cultivos. Igualmente, moitos cultivos e invernadoiros cubríronse de cinzas e piroclastos, o que sen dúbida reverterá nunha afección severa na recollida da produción. En consecuencia, as ditas explotacións sufrirán igualmente unha drástica diminución dos seus ingresos de forma inmediata pois deben esperar ao restablecemento das comunicacións e redes de estrada e reparar, cando a actividade volcánica desapareza, todas as infraestruturas afectadas, así como reimplantar os cultivos que foron danados.

No caso do sector pesqueiro, a erupción do volcán e a chegada ao mar da coada causou unha diminución dos recursos pesqueiros na zona afectada, a degradación do fondo mariño polos significativos cambios nos parámetros fisicoquímicos da auga e, finalmente, paralizou a actividade da frota pesqueira, principalmente artesanal, que operaba no litoral occidental da illa, ao cal se debe engadir o desaloxo dos pescadores e das súas familias da súa vivenda, que en moitos casos foi destruída ao paso da lava. En consecuencia, unha parte importante da poboación costeira viu interrompidos os seus ingresos co agravante do descoñecemento que existe polo momento sobre a súa reincorporación á actividade pesqueira, e non dispoñerá de medios para subsistir ata o restablecemento do medio mariño e a reparación das embarcacións e aparellos de pesca, así como das lonxas e instalacións pesqueiras e acuícolas de mar e de terra.

Polo dito, xustifícase que concorren causas de urxente e extraordinaria necesidade, conforme o artigo 86 da Constitución española, que xustifican a adopción das medidas recollidas neste real decreto lei para a compensación de perdas económicas sufridas

pola poboación agraria e pesqueira, debido a que a dita poboación require da intervención inmediata dos poderes públicos co fin de compensar, con urxencia, a perda da renda que sofren desde que se adoptaron as medidas de seguridade, a destrución do seu medio de vida nalgúns casos, e o custo da reparación de infraestruturas, embarcacións e parcelas co fin de retomar canto antes a súa actividade, que impiden acudir aos medios ordinarios de provisión de axudas por canto, de non se optar por esta fórmula, a finalidade das axudas deviría ineficaz e se desprotexería a poboación afectada.

Por outra parte, dentro das medidas de recuperación en materia de biodiversidade e espazos naturais protexidos, inclúese a concesión dunha subvención directa á «Fundación Canaria Reserva Mundial de la Biosfera La Palma», entre cuxos fins encomendados se inclúen a contribución á conservación das paisaxes, dos ecosistemas, das especies e da variación xenética, así como para fomentar un desenvolvemento económico e humano sustentable desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico e que están resultando afectados negativamente como consecuencia da erupción volcánica que motiva este real decreto lei.

Nesta conxuntura, estas finalidades requiren dun reforzo económico extraordinario e urxente, co fin de preservar os fins establecidos no marco estatutario da Rede mundial de reservas da biosfera, que se acaban de sinalar.

A identificación e predición de afeccións pola erupción volcánica ao patrimonio natural require de actuacións urxentes necesarias para aliviar as consecuencias da erupción tanto no ámbito insular como no resto do arquipélago e, en particular, a execución das accións necesarias definidas en colaboración coas autoridades canarias. Para iso autorízase a concesión directa de senllas subvencións ao abeiro do previsto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, á Comunidade Autónoma de Canarias e ao Cabido de La Palma. Desta maneira, cada unha das anteriores autoridades dispoñerá dos fondos necesarios para o desenvolvemento das accións urxentes de predición e prevención, por unha banda, e de identificación, seguimento e mitigación das afeccións sobre o patrimonio natural e a biodiversidade nos seus respectivos ámbitos competenciais consecuencia da erupción.

Por conseguinte, na medida que se adopta, pola súa natureza, finalidade e polo contexto en que se ditan, concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a este tipo de norma.

Por outra banda, considérase necesario e urxente librar á Comunidade Autónoma de Canarias un crédito adicional ao acordado na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente do 9 de xullo de 2021, co fin de apoiar investimentos que preserven os obxectivos da declaración como Parque Nacional de La Caldera de Taburiente nos municipios que conforman a área de influencia socioeconómica: Barlovento, Breña Alta, Garafía, El Paso, Puntagorda, Puntallana, San Andrés e Sauces, Santa Cruz de la Palma e Tijarafe, que fosen afectados pola erupción volcánica. Estes investimentos relaciónanse co marco que prevé o Real decreto 1229/2005, do 13 de outubro, nunhas circunstancias que obrigan a potenciar a súa finalidade de promover o desenvolvemento sustentable das poboacións que contén no seu territorio con estes espazos naturais protexidos.

Noutra orde de cousas, a magnitude da erupción e a dimensión dos seus efectos obriga a adoptar outras medidas de carácter complementario que ofrezan apoio inmediato ás persoas prexudicadas ou a quen se encontre nunha situación de especial vulnerabilidade cuxos efectos se poden ver agravados polo suceso.

Neste sentido, inclúense medidas organizativas en materia rexistral e notarial para propiciar que os afectados pola destrución de vivendas e inmobles poidan dispoñer de forma gratuíta de información gráfica sobre a xeolocalización do terreo e dos predios afectados pola lava volcánica, así como para facilitar os procedementos que permitan documentar a propiedade non rexistrada dos afectados, cuestión de gran relevancia e complexidade para efectos de poderlle reclamar ao seguro ou para o cobramento de indemnizacións.

Estas medidas complétanse cun mandato dirixido ao Ministerio de Xustiza para analizar o réxime xurídico da titularidade e cargas dos bens e dereitos sobre inmobles que quedaron cubertos pola lava, e coa habilitación ao referido ministerio para que aprobe, no prazo máis breve posible, un plan de actuación con medidas organizativas para axilizar a actividade xudicial, coa finalidade de contribuír ao obxectivo de restablecer o funcionamento ordinario dos órganos xudiciais afectados tras a superación desta crise natural.

A grave situación no ámbito económico e social que está a ocasionar a erupción volcánica e as especiais consecuencias que está a ter sobre persoas que se encontran ou están expostas a situacións de vulnerabilidade xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar as medidas complementarias de apoio descritas anteriormente, tendo en conta as circunstancias e o contexto en que se adoptan.

Noutra orde de cousas, durante os meses previos á erupción do volcán, as medidas adoptadas para paliar os efectos da COVID-19 provocaron un especial impacto en determinados colectivos especialmente vulnerables. Así, a declaración do estado de alarma e o confinamento forzou mulleres vítimas de violencia, e os seus fillos e fillas, a convivir cos seus agresores, enfrontándoas a situacións de maior risco e falta de seguridade. Agora, como consecuencia do desprazamento de máis de 6.000 persoas, motivado pola erupción volcánica, xorde unha nova situación de inseguridade para as vítimas de violencia contra as mulleres, que se superpón á derivada dos efectos da pandemia.

Así mesmo, as vítimas e sobreviventes de violencia contra as mulleres e de delitos de odio experimentan efectos psicolóxicos e sociais prolongados no tempo que ven acentuados pola propia situación de emerxencia e excepcionalidade. Por iso, reforzar a intervención e o acompañamento especializado multidisciplinar, adaptado ás necesidades das vítimas, preséntase como un elemento central para a súa recuperación no curto e longo prazo.

A actual situación de emerxencia afecta o adecuado funcionamento dos servizos destinados á detección, asistencia e protección das vítimas, o cal acredita a extraordinaria e urxente necesidade para adoptar medidas como as previstas neste real decreto lei, orientadas a eliminar os obstáculos que poidan dificultar ou imposibilitar a detección da violencia e o acceso das vítimas aos medios habituais de asistencia integral, comunicación e denuncia de situacións de violencia.

Por iso, ante esta situación excepcional, resulta preciso levar a cabo medidas de especial protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero e a aqueles grupos de poboación máis vulnerables, como garantía dos seus dereitos e, en particular, do dereito á asistencia social integral, recollido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, ou no Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011, que obriga os Estados parte a adoptaren as medidas necesarias para previr e dar resposta á violencia contra as mulleres.

Por último, cómpre subliñar que a investigación científica e técnica está a ter un importante papel para diminuír o impacto das erupcións volcánicas na illa de La Palma sobre os cidadáns e os ecosistemas. Por iso, resulta imprescindible abordar, de maneira decidida, as medidas que resulten precisas para poder levar a cabo as actividades de investigación das erupcións volcánicas, dos seus riscos e consecuencias sobre a poboación, o ambiente e a biodiversidade, a xeomorfoloxía dos terreos afectados e a saúde pública, desde un punto de vista estritamente científico.

Para iso, mediante este real decreto lei ábrese a posibilidade de que o Ministerio de Ciencia e Innovación poida, cando así resulte necesario, conceder axudas de conformidade coa Lei 38/2003, do 26 de novembro, xeral de subvencións, co fin de promover a realización de cantas actuacións se consideren precisas no ámbito da investigación científica e técnica co fin de proceder ao estudo das erupcións volcánicas na illa de La Palma e dos riscos e consecuencias de todo tipo asociadas a elas. Estas

axudas poderán ir destinadas tanto a entidades e organismos de dereito público como de dereito privado, sempre que o seu obxecto sexa a realización de actuacións de I+D+i neste ámbito; de igual maneira, este departamento ministerial poderá subscribir coas administracións públicas máis próximas xeograficamente aos eventos eruptivos (a Comunidade Autónoma das Illas Canarias, a provincia de Santa Cruz de Tenerife, o Cabido de La Palma e as entidades locais municipais máis afectadas) convenios ou outros instrumentos de colaboración e cooperación, que poderán igualmente, cando sexa necesario, articular axudas e subvencións públicas.

IV

O artigo 86 da Constitución española de 1978 permítelle ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Respecto do suposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade establecido no artigo 86 da Constitución española, a xurisprudencia constitucional sinalou que a súa apreciación forma parte do xuízo político ou de oportunidade do Goberno (por todas, sentenzas 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3). Neste sentido, o Tribunal Constitucional precisou que a utilización da figura constitucional do real decreto lei resulta un instrumento constitucionalmente lícito sempre que o fin que xustifique empregar a lexislación de urxencia sexa o de acorrer unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, e que, por razóns difíciles de prever, require dunha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno (por todas, sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, FX 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, FX 4; 137/2003, do 3 de xullo, FX 3, e 189/2005, do 7 de xullo, FX 3; 68/2007, F. 10, e 137/2011, FX 7). Tales cuestións quedan suficientemente explicitadas ante a situación de erupción volcánica da illa de La Palma.

Así mesmo, o Tribunal Constitucional declarou que esa situación de extraordinaria e urxente necesidade se pode deducir «dunha pluralidade de elementos», entre eles, «os que quedan reflectidos na exposición de motivos da norma» (STC 6/1983, do 4 de febreiro). Pola súa parte, entre a situación de extraordinaria e urxente necesidade que habilita o emprego da ferramenta do real decreto lei e as medidas contidas nel debe existir unha «relación directa ou de congruencia». Polo tanto, para a concorrencia do presuposto da extraordinaria e urxente necesidade, a STC 61/2018, do 7 de xuño (FX 4), exige, por unha banda, «a presentación explícita e razoada dos motivos que tivo en conta o Goberno para a súa aprobación», é dicir, o que se denominou a situación de urxencia, e, por outra, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para acorrela».

Débase sinalar tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Finalmente, o real decreto lei atende ao cumprimento e respecto dos principios de boa regulación, exixibles en todo texto normativo, e que se recollen no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, atendendo aos principios de necesidade e eficacia, estes apóianse no interese xeral en que se fundamentan as medidas, e o real decreto lei é o instrumento máis inmediato para garantir a súa consecución. Respéctase tamén o principio de proporcionalidade, dado que contén a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados.

Así mesmo, a norma resulta coherente co vixente ordenamento xurídico e axústase, por iso, ao principio de seguridade xurídica. E, por último, en canto ao principio de transparencia, esta norma, aínda que está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública por tratarse dun decreto lei, tal e como autoriza o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, define claramente os seus obxectivos, reflectidos tanto na súa parte expositiva como na memoria que o acompaña. Por último, en relación co principio de eficiencia, neste real decreto lei procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática; do Interior; de Agricultura, Pesca e Alimentación; de Consumo, e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións; e das ministras de Asuntos Económicos e Transformación Dixital; de Traballo e Economía Social; de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; de Xustiza; de Facenda e Función Pública; de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; de Política Territorial; de Sanidade; de Dereitos Sociais e Axenda 2030; de Ciencia e Innovación, e de Igualdade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de outubro de 2021,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto lei ten como obxecto a adopción inmediata de medidas de asistencia e apoio aos afectados polas erupcións volcánicas na illa de La Palma, así como para a reparación das súas consecuencias e o impulso da reconstrución económica, social, laboral e ambiental da citada illa.

2. As axudas e subvencións de reparación adoptadas neste real decreto lei son de aplicación ás persoas físicas e entidades públicas ou privadas que sufrisen danos nos seus bens ou dereitos radicados no ámbito da illa de La Palma como consecuencia directa ou indirecta das erupcións volcánicas e os acrediten de acordo co que se estableza nas disposicións, convenios ou calquera outro instrumento que formalicen as administracións públicas en aplicación do disposto neste real decreto lei.

Artigo 2. *Cooperación entre administracións públicas.*

Autorízanse os ministerios e organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado para formalizaren coa Comunidade Autónoma de Canarias e coas entidades locais da illa de La Palma os convenios ou outros instrumentos de colaboración e cooperación que resulten necesarios para a execución das medidas previstas neste real decreto lei, no marco do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 3. *Réxime xurídico das axudas e subvencións.*

1. As axudas e subvencións establecidas neste real decreto lei concederanse de forma directa aos beneficiarios, que poderán ser persoas físicas ou xurídicas ou as administracións públicas competentes na illa de La Palma, de acordo co disposto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e conforme os requisitos e procedementos que se determinan neste real decreto lei e nas disposicións, convenios ou outros instrumentos que se adopten ou formalicen na súa aplicación.

2. A previsión establecida no punto anterior non resultará de aplicación ás axudas previstas no título II deste real decreto lei.

TÍTULO II

Medidas de apoio en materia de danos persoais, vivenda, establecementos industriais, mercantís e de servizos, a corporacións locais, e a persoas físicas ou xurídicas

Artigo 4. *Axudas destinadas a paliar danos persoais e danos materiais en vivendas.*

1. Nos supostos de danos persoais causados directamente polos feitos mencionados no artigo 1 concederanse as axudas previstas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

2. Nos supostos de destrución ou danos en vivendas causados directamente polos feitos mencionados no artigo 1, concederanse as axudas previstas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, coas seguintes especialidades:

a) Co obxecto de acreditar a titularidade sobre os inmobles afectados polos sinistros, admitirase como medio de proba calquera documento que demostre a dita titularidade, como os recibos de pagamento do imposto sobre bens inmobles ou outros de análoga natureza.

b) Para acreditar a contía do dano, admitirase un certificado do órgano competente da Comunidade Autónoma de Canarias no cal conste a destrución da vivenda cunha valoración aproximada dela ou os danos sufridos por esta cunha valoración aproximada deles.

c) Non será de aplicación o disposto nos números 1 a 3 do artigo 16 do mencionado real decreto, referentes aos límites dos ingresos anuais netos para ser beneficiario da axuda pola destrución ou danos en vivenda.

d) As contías máximas das axudas previstas no artigo 17 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, pasan a ser as seguintes:

- 1.º) Por destrución total da vivenda habitual: 30.240 euros.
- 2.º) Por danos que afecten a estrutura da vivenda habitual: 20.640 euros.
- 3.º) Por danos que non afecten a estrutura da vivenda habitual: 10.320 euros.
- 4.º) Por danos en elementos comúns de uso xeral dunha comunidade de propietarios en réxime de propiedade horizontal: 18.448 euros.

Artigo 5. *Axudas destinadas a paliar danos en establecementos industriais, mercantís e de servizos.*

1. Concederanse axudas para paliar danos de calquera natureza nas edificacións, instalacións ou bens de equipamento afectos á actividade empresarial, que se rexerán polo Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, coas especialidades a que se refire o seguinte punto.

2. Cando o interesado fose indemnizado polo Consorcio de Compensación de Seguros con aplicación da franquía prevista no artigo 9 do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, poderase conceder unha subvención de ata o 7 por cento da contía dos danos indemnizables producidos polo sinistro, ata o importe máximo de 9.224 euros recollido no artigo 28 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, sen que, en ningún caso, a suma desta subvención e a indemnización que corresponda aboar en concepto de seguro, ou calquera outra subvención ou axuda, pública ou privada, supere o valor do dano ou prexuízo producido. Nestes casos, o interesado deberá presentar unha certificación expedida pola súa entidade aseguradora acreditativa de que esta non aboou en todo ou en parte o importe correspondente á franquía legal aplicada polo Consorcio de Compensación de Seguros.

Artigo 6. *Axudas a corporacións locais por gastos ocasionados para facer fronte á emerxencia.*

1. Concederanse axudas ás corporacións locais polos gastos causados para facer fronte á emerxencia.

2. A estas axudas non lles será de aplicación a contía prevista nos artigos 22 e 23 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, de modo que o importe das axudas se poida estender ata 100 o por cento dos referidos gastos de emerxencia.

3. As axudas non terán por obxecto as reparacións ou reposicións en infraestruturas da competencia do Ministerio de Política Territorial. Porén, poderanse subvencionar aquelas actuacións inaprazables que se levaron a cabo co fin de garantir a vida e a seguridade das persoas e o funcionamento dos servizos públicos esenciais. Entre estas actuacións inclúense a evacuación, o aloxamento e a alimentación de persoas afectadas, a retirada de cinzas procedente da erupción e a limpeza de vías e contornos públicos que sexan indispensables para os fins descritos.

4. Exclúense do ámbito das axudas a que se refire este artigo os traballos levados a cabo con medios propios da corporación local, xa sexan materiais, tales como maquinaria ou ferramentas, ou humanos, entendendo por estes o persoal contratado con anterioridade aos feitos causantes. En ningún caso serán subvencionables os gastos de persoal xerados por bombeiros, policía local, protección civil e outros de carácter análogo.

Artigo 7. *Axudas a persoas físicas ou xurídicas por prestacións persoais e de bens.*

Concederanse axudas, nos termos do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, ás persoas físicas ou xurídicas que, requiridas pola autoridade competente en materia de protección civil no ámbito da Administración xeral do Estado, levasen a cabo a prestación persoal ou de bens con motivo de producirse unha situación de emerxencia.

Artigo 8. *Disposicións comúns ás axudas deste título.*

As solicitudes para a concesión das axudas a que se refire este título tramitaraas e resolveraas a Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias, de acordo co previsto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, aínda que o prazo de presentación das ditas solicitudes será de seis meses, contado desde que se vexan afectadas as vivendas ou os establecementos industriais, mercantís ou de servizos, ou desde que fosen realizados os gastos polas corporacións locais ou as prestacións persoais ou materiais ou desde que se producisen os danos persoais.

TÍTULO III

Medidas en materia de emprego, seguridade social e plans de pensións

Artigo 9. *Plan extraordinario de emprego e formación para facer fronte ás consecuencias da erupción volcánica na illa de La Palma.*

1. A execución das medidas establecidas no Plan extraordinario de formación e emprego para a illa de La Palma, previsto no punto terceiro.1 do Acordo do Consello de Ministros, do 28 de setembro de 2021, financiarase cun crédito por importe de 63 millóns de euros e articularase de conformidade co disposto neste artigo e na disposición adicional primeira.

2. As medidas concretas que se van desenvolver e o período de execución do plan, que se poderá estender durante 2022, con independencia da súa execución orzamentaria en 2021, en todo caso, instrumentaranse mediante un convenio que se subscribirá entre o Servizo Público de Emprego Estatal e a Comunidade Autónoma de Canarias, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. O outorgamento desta subvención por parte da Administración xeral do Estado é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Artigo 10. *Aprazamento e moratoria no ingreso de cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta.*

1. As empresas con código de conta de cotización principal de calquera das provincias correspondentes á Comunidade Autónoma de Canarias e os traballadores por conta propia da dita comunidade autónoma, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, afectados pola erupción volcánica producida na illa de La Palma, sempre que estean ao día nas súas obrigacións coa Seguridade Social e non teñan outro aprazamento en vigor, poderán solicitar, directamente ou a través dos seus autorizados para actuar a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (Sistema REDE), aprazamento no pagamento das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta cuxo pagamento teña lugar entre os meses de outubro de 2021 e xaneiro de 2022, no caso de empresas, e entre os meses de novembro de 2021 e febreiro de 2022 no caso de traballadores autónomos. Este aprazamento axustarase aos termos e ás condicións establecidos con carácter xeral na normativa de Seguridade Social, coas seguintes particularidades:

1.^a Será de aplicación un xuro do 0,5 %, en lugar do previsto no artigo 23.5 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

2.^a O aprazamento concederase mediante unha única resolución, con independencia dos meses que comprenda, amortizarase mediante pagamentos mensuais e determinará un prazo de amortización de catro meses por cada mensuralidade solicitada, sen que exceda en total as 16 mensuralidades. O primeiro pagamento producirase a partir do mes seguinte a aquel en que aquela se ditase.

3.^a A solicitude deste aprazamento determinará que o debedor sexa considerado ao día nas súas obrigacións coa Seguridade Social, respecto ás cotas afectadas por el, ata que se dite a correspondente resolución.

2. Alternativamente ao disposto no número 1, as empresas e os traballadores por conta propia a que este se refire poderán solicitar e obter unha moratoria de ata un ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, cuxa devindicación teña lugar, no caso das empresas, entre os meses de outubro de 2021 e xaneiro de 2022 e, no caso de traballadores por conta propia, entre os meses de novembro de 2021 e febreiro de 2022.

3. O aprazamento a que se refire o número 1 será incompatible coa moratoria regulada no número 2. As solicitudes de aprazamento por períodos respecto dos cales tamén se solicitou a citada moratoria consideraranse non presentadas, se ao solicitante se lle concedeu esta última.

A moratoria a que se refire o punto anterior non será de aplicación aos códigos de conta de cotización polos que as empresas obtivesen exencións no pagamento de cotas da Seguridade Social, así como dos conceptos de recadación conxunta, reguladas no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, e no Real decreto lei 18/2021, do 28 de setembro.

4. Tanto as solicitudes de aprazamento como as solicitudes de moratoria deberán efectuarse antes do transcurso dos dez primeiros días naturais de cada un dos prazos regulamentarios de ingreso correspondentes ás cotas sinaladas nos números 1 e 2.

Artigo 11. *Dispoñibilidade excepcional de dereitos consolidados de plans de pensións.*

1. Durante o prazo de nove meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei os partícipes de plans de pensións poderán, excepcionalmente, facer efectivos os seus dereitos consolidados nos seguintes supostos:

a) cando sexan titulares de explotacións agrarias, forestais ou gandeiras, establecementos mercantís, industriais e de servizos, locais de traballo e similares, situados no ámbito xeográfico de aplicación deste real decreto lei e que sufrisen danos como consecuencia directa da erupción volcánica rexistrada;

b) cando sexan traballadores autónomos que se vexan obrigados a suspender ou cesar na actividade como consecuencia directa da erupción volcánica rexistrada;

c) no caso de persoas traballadoras afectadas polos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) previstos na disposición adicional quinta do Real decreto lei 18/2021, do 28 de setembro, de medidas urxentes para a protección do emprego, a recuperación económica e a mellora do mercado de traballo;

d) no suposto de perda da vivenda habitual, cando esta se encuentre situada no ámbito xeográfico de aplicación deste real decreto lei e sufrise danos como consecuencia directa da erupción volcánica rexistrada.

A concorrencia das circunstancias indicadas acreditarase mediante os documentos xustificativos achegados polo partícipe do plan de pensións ante a entidade xestora de fondos de pensións. Se o solicitante non pode achegar os documentos acreditativos, poderaos substituír mediante unha declaración responsable.

2. O límite máximo de disposición por partícipe, para o conxunto de plans de pensións de que sexa titular e por todas as situacións indicadas, será o resultado de ratear o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual para 12 pagas vixente para o exercicio 2021 multiplicado por tres para un período máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

3. O partícipe será responsable da veracidade da documentación acreditativa da concorrencia do suposto de feito que se requira para solicitar a prestación.

4. O reembolso deberao efectuar a entidade xestora dentro do prazo máximo de sete días hábiles desde que o partícipe presente a documentación acreditativa completa. No caso dos plans de pensións da modalidade de emprego, o dito prazo ampliarase ata trinta días hábiles desde que o partícipe presente a documentación acreditativa completa.

5. No caso dos plans de pensións do sistema de emprego da modalidade de prestación definida ou mixtos para aquelas continxencias definidas en réxime de prestación definida ou vinculadas a ela, a disposición anticipada só será posible cando o permita o compromiso por pensións e o prevexan as especificacións do plan aprobadas pola súa comisión de control.

6. O disposto neste artigo será igualmente aplicable aos asegurados dos plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial e mutualidades de previsión social a que se refire o artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas. Nestes casos, as referencias realizadas nos puntos anteriores ás entidades xestoras, aos partícipes e ás especificacións de plans de pensións entenderanse referidas ás entidades aseguradoras, aos asegurados ou mutualistas e ás pólizas de seguro ou regulamento de prestacións, respectivamente. No caso das mutualidades de previsión social que actúen como sistema alternativo á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, non se poderán facer efectivos os dereitos económicos dos produtos ou seguros utilizados para cumprir coa dita función alternativa.

7. O reembolso de dereitos consolidados suxeitarase ao réxime fiscal establecido para as prestacións dos plans de pensións.

TÍTULO IV

Medidas de protección de persoas consumidoras

CAPÍTULO 1.º

Medidas en materia de consumo dirixidas a garantir o pleno exercicio dos dereitos das persoas consumidoras afectadas

Artigo 12. *Exercicio do dereito de desistencia ou outros dereitos establecidos contractualmente.*

1. Durante os tres meses seguintes ao 19 de setembro de 2021 suspéndense os prazos para o exercicio, por parte das persoas consumidoras ou usuarias residentes, aínda que sexa de forma temporal, na illa de La Palma, do dereito de desistencia regulado no capítulo II do título I do libro segundo do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, así como os prazos para o exercicio de dereitos adicionais establecidos contractualmente.

2. Para o exercicio do dereito de desistencia ou de calquera outro dereito establecido contractualmente, eximiranse as persoas consumidoras ou usuarias afectadas da necesidade de presentación de documentos que resultasen de imposible mantemento ou obtención con motivo da erupción do volcán Cumbre Vieja na illa de La Palma.

Artigo 13. *Obrigacións derivadas de contratos afectados pola erupción volcánica.*

1. Se, como consecuencia da erupción do volcán Cumbre Vieja na illa de La Palma, os contratos subscritos polas persoas consumidoras ou usuarias afectadas, xa sexan de compravenda de bens ou de prestación de servizos ou de provisión de subministracións, resultan de imposible cumprimento de forma definitiva, as partes do contrato quedarán exoneradas do seu cumprimento e deberanse restituír as potenciais cantidades aboadas polas persoas consumidoras ou usuarias afectadas o máis axiña posible e, en todo caso, no prazo máximo de trinta días desde que o contrato resulte de imposible cumprimento, no medio de pagamento seleccionado pola persoa consumidora ou usuaria afectada, sen que naza dereito a unha compensación adicional entre as partes.

En relación cos contratos de prestación de servizos de tracto sucesivo que resultan de imposible cumprimento de forma temporal como consecuencia da erupción do volcán Cumbre Vieja na illa de La Palma, a persoa consumidora ou usuaria afectada terá dereito a elixir entre a resolución do contrato sen pagar ningunha penalización ou o aprazamento da súa execución nos termos que se acorden entre as partes. Neste sentido, o empresario poderá ofrecer opcións de recuperación do servizo *a posteriori* ou, baixo a aceptación da persoa consumidora ou usuaria afectada, minorar a contía que resulte das futuras cotas que se imputarán pola prestación do servizo. Así mesmo, o empresario prestador do servizo absterase de presentar a cobramento novas mensualidades ata que o servizo se poida prestar con normalidade, sen que iso dea lugar á rescisión do contrato, salvo pola vontade de ambas as partes.

En calquera caso, resultará de preferente aplicación a normativa sectorial que regule o réxime de responsabilidades ante imposibilidade sobrevida de execución contractual.

2. Se, como consecuencia das medidas decretadas polas autoridades competentes como consecuencia da erupción do volcán Cumbre Vieja na illa de La Palma, a persoa consumidora ou usuaria afectada non pode recibir o ben, gozar do servizo, tanto de tracto único como de tracto sucesivo, ou gozar da subministración obxecto dun contrato de consumo, a persoa consumidora ou usuaria afectada terá dereito a elixir entre a resolución do contrato sen pagar ningunha penalización ou o aprazamento da súa execución nos termos que se acorden entre as partes.

En relación coa provisión de subministracións que non poidan ser desfrutadas pola persoa consumidora ou usuaria afectada, no caso de que se solicite o aprazamento da execución do contrato, o restablecemento da subministración non comportará ningún custo adicional.

No suposto de que a persoa consumidora ou usuaria afectada resolva o contrato de acordo co disposto no parágrafo anterior, o empresario deberá restituír as potenciais cantidades aboadas polas persoas consumidoras ou usuarias afectadas o máis axiña posible e, en todo caso, no prazo máximo de trinta días desde que a persoa consumidora ou usuaria afectada exerza o dereito, no medio de pagamento seleccionado pola persoa consumidora ou usuaria afectada, sen que naza dereito a unha compensación adicional entre as partes.

3. En relación con contratos de transporte, perfeccionados antes do 13 de setembro de 2021, que teñan como destino a illa de La Palma, a persoa consumidora ou usuaria afectada terá dereito a resolver o contrato antes do seu inicio sen pagar ningunha penalización. Neste caso, a persoa consumidora ou usuaria afectada terá dereito ao reembolso completo de calquera pagamento realizado, pero non a unha compensación adicional.

Artigo 14. *Forma e prazos para o exercicio de dereitos.*

1. O exercicio dos dereitos recollidos no capítulo primeiro deste título por parte das persoas consumidoras e usuarias afectadas levarase a cabo mediante solicitude dirixida ao empresario en que se indiquen as causas que motivan a solicitude.

2. O empresario deberá comprobar a adecuación da solicitude presentada aos supostos recollidos no capítulo 1.º deste título mediante a consulta dos rexistros ou bases de datos establecidos para o efecto polas autoridades competentes, nos cales se determinen as zonas, códigos postais, vías ou vivendas afectadas en cada momento pola erupción do volcán Cumbre Vieja na illa de La Palma, así como o seu grao de afectación. Considerarase data de nacemento do correspondente dereito a data de afectación que conste nos ditos rexistros ou bases de datos, que se deberán manter continuamente actualizados.

3. No caso de contratos empacquetados que inclúan a prestación de diversos servizos ou a provisión de bens xunto á prestación de servizos, os dereitos recollidos no capítulo 1.º deste título poderanse exercer, unicamente, en relación con aqueles elementos do contrato que resulten de imposible cumprimento, recepción ou desfrute por parte das persoas consumidoras e usuarias afectadas, de forma definitiva ou temporal, como consecuencia da erupción do volcán Cumbre Vieja na illa de La Palma ou das medidas adoptadas para o efecto polas autoridades competentes, e as tarifas converxentes quedarán sometidas, de ser o caso, ao correspondente acordo entre as partes.

4. A acción para exercer os dereitos recollidos no capítulo 1.º deste título prescribirá aos cinco meses desde o nacemento do dereito ou, no caso de que nacesse antes da entrada en vigor deste real decreto lei, aos cinco meses da súa entrada en vigor.

CAPÍTULO 2.º

Medidas de suspensión de obrigas de pagamento de xuros e principal para préstamos e créditos con e sen garantía hipotecaria

Artigo 15. *Obxecto.*

Este capítulo ten por obxecto establecer a suspensión das obrigacións de pagamento de xuros e principal para préstamos e créditos, independentemente de se están ou non ao día no pagamento, con e sen garantía hipotecaria, concedidos a afectados polos

movementos sísmicos e erupcións volcánicas acaecidos na illa de La Palma desde o pasado día 19 de setembro de 2021.

Artigo 16. *Ámbito de aplicación.*

1. Poderán ser beneficiarias da suspensión das obrigacións de pagamento de xuros e principal de préstamos e créditos cuxa garantía hipotecaria se constituíse sobre inmobles situados na zona afectada polos movementos sísmicos e as erupcións volcánicas as persoas físicas ou xurídicas prestameiras ou acreditadas dos ditos préstamos e créditos.

Para os efectos deste capítulo, considerarase zona afectada polos movementos sísmicos e as erupcións volcánicas a zona declarada como afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil conforme o Acordo do Consello de Ministros, do 28 de setembro de 2021, polo que se declara a illa de La Palma (Santa Cruz de Tenerife) «Zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil», e se impulsan medidas urxentes para mitigar os danos provocados pola erupción volcánica na zona de Montaña Rajada, termo municipal de El Paso.

2. Así mesmo, poderán ser beneficiarias da suspensión das obrigacións de pagamento de xuros e principal de préstamos e créditos sen garantía hipotecaria concedidos con anterioridade á publicación deste real decreto lei:

- a) As persoas físicas residentes na zona a que se refire o punto anterior.
- b) As persoas físicas ou xurídicas cuxa actividade económica principal estea situada na dita zona, a cal abrangue explotacións agrarias, pesqueiras, mariñas ou forestais, establecementos mercantís, industriais e de servizos.

3. En todo caso, os contratos de arrendamento financeiro entenderanse incluídos dentro do ámbito de aplicación obxectivo da suspensión temporal a que se refire o parágrafo anterior.

Artigo 17. *Fiadores, avalistas e hipotecantes non debedores.*

Os fiadores, avalistas e hipotecantes non debedores a que lles resulte de aplicación algunha das suspensións das obrigacións derivadas dos contratos de crédito con e sen garantía hipotecaria conforme o artigo 16 poderán exixir, durante o período de vixencia da suspensión prevista neste capítulo, que o acredor esgote o patrimonio do debedor principal antes de lles reclamar a débeda garantida, mesmo cando no contrato renunciasen expresamente ao beneficio de excusión.

Artigo 18. *Acreditación das condicións de pertenza ao ámbito de aplicación.*

A concorrencia das circunstancias que determinan a condición de beneficiario en cada un dos supostos recollidos no artigo 16 deberá ser acreditada:

- a) No caso de operacións con garantía hipotecaria, cunha mera solicitude.
- b) No caso de operacións sen garantía hipotecaria de persoas físicas residentes na zona afectada polos movementos sísmicos e as erupcións volcánicas, cun certificado de empadramento.
- c) No caso de operacións sen garantía hipotecaria de persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións na zona polos movementos sísmicos e as erupcións volcánicas, mediante calquera documento que acredite a dita circunstancia ou, de ser o caso, mediante declaración responsable.

Artigo 19. *Solicitude das moratorias.*

Os debedores comprendidos no ámbito de aplicación da suspensión das obrigacións derivadas dos contratos de préstamo ou crédito con ou sen garantía hipotecaria de conformidade co artigo 16 poderán solicitar do acredor, ata seis meses desde a entrada

en vigor do real decreto lei, a suspensión das súas obrigacións. Os debedores achegarán, xunto coa solicitude de suspensión, a documentación prevista no artigo 18 que resulte de aplicación, e especificarán se son asalariados ou autónomos e a súa actividade económica.

Artigo 20. *Concesión das moratorias.*

1. Unha vez realizada a solicitude da suspensión a que se refire o artigo anterior deste real decreto lei, o acredor procederá de forma automática á suspensión das obrigacións derivadas do contrato de préstamo ou crédito cos efectos establecidos no artigo 21.

2. Unha vez concedida a suspensión, a entidade acreedora comunicará ao Banco de España, no marco da comunicación a que se refire o artigo 23. Os importes que serían exixibles ao debedor de non se aplicar a moratoria non se considerarán vencidos. Durante o período de suspensión, non se devindicará ningún xuro.

3. A aplicación da suspensión non requirirá acordo entre as partes, nin ningunha novación contractual, para que produza efectos. Cando o préstamo obxecto da suspensión conte con garantía hipotecaria, a suspensión deberá formalizarse en escritura pública e inscribirse no Rexistro da Propiedade na forma prevista no artigo 24. A inscrición da ampliación do prazo inicial terá plenos efectos, de ser o caso, fronte aos acredores intermedios rexistrados aínda que non conte co consentimento destes. Cando o crédito ou préstamo obxecto da suspensión non conte con garantía hipotecaria pero estea garantido mediante algún dereito inscristible distinto da hipoteca ou accedese ao Rexistro de Venda a Prazos de Bens Mobles para os efectos previstos no número 1 do artigo 15 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, será necesaria a inscrición da ampliación de prazo que supoña a suspensión, de acordo coas normas xerais aplicables. Así mesmo, as garantías dos préstamos obxecto da suspensión, incluídos os peñores e as fianzas e avais, mantéñense inalteradas fronte a terceiros sen necesidade de consentimento de pignorantes e avalistas.

4. Cando prestamista e prestameiro beneficiario da moratoria acorden unha novación como consecuencia da modificación das cláusulas do contrato en termos ou condicións contractuais que vaian máis alá da mera suspensión, incorporarán, ademais daqueles outros aspectos que as partes pacten, a suspensión das obrigacións contractuais imposta por este real decreto lei e solicitada polo debedor, así como a non devindicación de xuros durante a vixencia da suspensión.

5. Os dereitos arancelarios notariais e rexistrados derivados da formalización e inscrición da suspensión de préstamos e créditos con garantía hipotecaria nos termos do número 3 e da formalización e inscrición da súa novación nos supostos do número 4 serán satisfeitos, en todo caso, polo acredor e bonificaranse nun 50 por cento nos seguintes termos:

a) Polo outorgamento da escritura devindicárase o arancel correspondente ás escrituras de novación hipotecaria, previsto na letra f) do punto 1 do número 1 do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios, reducidos ao 50 por cento, sen que se devindique ningunha cantidade a partir do quinto folio de matriz e de copia, sexa copia autorizada ou copia simple. O arancel mínimo previsto será de 30 euros e o máximo de 75 euros.

b) Pola práctica da inscrición aplicarase o arancel previsto para as novacións modificativas no artigo 2.1.g) do anexo I do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores. Ao resultado aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento. O arancel mínimo previsto será de 24 euros e o máximo de 50 euros.

6. Os dereitos arancelarios notariais derivados da intervención de pólizas en que se formalice, de ser o caso, a suspensión temporal das obrigacións contractuais derivadas de préstamos ou créditos sen garantía hipotecaria serán os establecidos no Decreto

do 15 de decembro de 1950 e bonificaranse nun 50 % cun límite mínimo de 25 euros e máximo de 50 euros, por todos os conceptos, incluíndo as súas copias e trasladados.

Os dereitos arancelarios dos rexistradores derivados da constancia rexistral, de ser o caso, da suspensión temporal das obrigacións contractuais minutaranse, de conformidade co artigo 36.9.g) da ordenanza aprobada pola Orde do 19 de xullo de 1999, pola cantidade fixa de 6 euros.

Os dereitos arancelarios notariais e rexistrais derivados da formalización e inscrición previstos neste punto serán satisfeitos, en todo caso, polo acredor.

Artigo 21. *Efectos das moratorias.*

1. A solicitude da moratoria a que se refire o artigo 19 comportará, para todos os préstamos e créditos obxecto dela, contén ou non con garantía hipotecaria, a suspensión da débeda durante o prazo de seis meses, incluída a débeda impagada. A duración da suspensión poderá ser ampliada en seis meses adicionais mediante acordo do Consello de Ministros.

2. Durante o período de vixencia da suspensión:

a) O acredor non poderá exixir o pagamento da cota, nin de ningún dos conceptos que a integran (amortización do capital ou pagamento de xuros), nin integramente nin parcialmente.

b) Non se devindicará ningún tipo de xuros, nin ordinarios nin de demora.

c) Inaplicarase calquera cláusula de vencemento anticipado que, de ser o caso, conste no contrato de préstamo ou crédito.

3. Para aqueles préstamos e créditos que non contén con garantía hipotecaria, a data do vencemento acordada no contrato ampliarase, como consecuencia da suspensión, polo tempo de duración desta, sen ningunha modificación do resto das condicións pactadas. De se tratar de bens ou dereitos inscricibles, axustaranse á súa propia normativa, de acordo coas regras xerais e co disposto no número 3 do artigo 20.

4. A suspensión no pagamento de xuros non será aplicable a debedores ou contratos distintos dos regulados neste real decreto lei.

Artigo 22. *Consecuencias da aplicación indebida polo debedor.*

1. O debedor dun crédito ou préstamo con ou sen garantía hipotecaria que se beneficiase das medidas de moratoria neste real decreto lei sen a concorrencia das condicións de pertenza ao ámbito de aplicación previstas no artigo 16 será responsable dos danos e perdas que se puidesen producir, así como de todos os gastos xerados pola aplicación destas medidas de flexibilización, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde a que a conduta do debedor poida dar lugar. En particular, consideraranse vencidas as cotas suspendidas desde a data en que terían sido exixibles de non se aplicar a moratoria.

2. O importe dos danos, prexuízos e gastos non pode resultar inferior ao beneficio indebidamente obtido polo debedor pola aplicación da norma.

Artigo 23. *Réxime de supervisión e sanción.*

1. As entidades prestamistas supervisadas polo Banco de España remitiranlle mensualmente, dentro dos primeiros cinco días hábiles de cada mes, a seguinte información referida aos datos acumulados ata a fin do mes anterior referente a:

- a) Número de solicitudes de suspensión presentadas por debedores.
- b) Número de suspensións concedidas.
- c) Número de solicitudes de suspensión denegadas.

d) Número de beneficiarios da suspensión, desagregados, por unha banda, en debedores e avalistas e, por outra banda, en asalariados, traballadores autónomos e persoas xurídicas.

e) Número de préstamos cuxo pagamento se suspendeu.

f) Saldo vivo pendente de amortización cuxo pagamento se suspende na data da suspensión.

g) CNAE da actividade que viña realizando o debedor.

h) Número de préstamos en que o debedor solicita que se documente a moratoria en escritura notarial.

2. Os artigos 15 a 22 e o punto primeiro deste artigo terán a consideración de normas de ordenación e disciplina a que se refire o artigo 2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Artigo 24. Outorgamento unilateral polo acredor dos instrumentos notariais en que se formaliza a ampliación de prazo derivada da moratoria legal dos préstamos ou créditos garantidos con hipoteca ou mediante outro dereito inscribible distinto.

1. O recoñecemento da aplicación da suspensión da débeda hipotecaria durante o prazo de seis meses prevista neste real decreto lei non estará suxeita ao disposto na Lei 5/2019, do 15 de marzo, de crédito inmobiliario.

2. Será obriga unilateral da entidade acreedora a elevación a escritura pública do recoñecemento da suspensión, para os efectos de que se poida inscribir a ampliación do prazo inicial no Rexistro da Propiedade.

3. Igualmente, será obriga unilateral da entidade acreedora promover a formalización da póliza ou escritura pública en que se documente o recoñecemento da suspensión prevista neste real decreto lei e a inscrición, de ser o caso, no Rexistro de Bens Móbiles, sempre que o crédito ou préstamo estivese garantido mediante algún dereito inscribible distinto da hipoteca ou accedese ao Rexistro.

4. O disposto nos puntos anteriores será de aplicación a calquera solicitude de moratoria presentada ao abeiro deste real decreto lei, mesmo cando a solicitude do acredor ou ata a súa aceptación por parte da entidade acreedora se producisen con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

TÍTULO V

Medidas tributarias

Artigo 25. Beneficios fiscais.

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio 2021 que afecten vivendas, establecementos industriais, turísticos, mercantís, marítimo-pesqueiros e profesionais, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, cando se acredite que tanto as persoas coma os bens situados neles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos, ou perdas nas producións agrícolas e gandeiras que constitúan sinistros cuxa cobertura non resulte posible mediante ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio 2021 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís, marítimo-pesqueiros, turísticos e profesionais cuxos locais de negocio ou bens afectados a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se

producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2020.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos previstas nos puntos anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos pola erupción volcánica e polos movementos sísmicos, e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución destruídos ou extraviados polas ditas causas, sempre que a persoa titular do vehículo acredite dispoñer do seguro obrigatorio de responsabilidade civil do automóbil no momento en que se producise o dano.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que as exencións e reducións previstas nos puntos anteriores produzan nos concellos e no cabido insular será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

7. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas por danos persoais a que se refire o artigo 4.

Artigo 26. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias en que se produciron danos como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o artigo 1, e conforme as previsións contidas no artigo 37.4.1.º do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, a persoa titular do Ministerio de Facenda e Función Pública, á vista dos informes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde HAC/1155/2020, do 25 de novembro, pola que se desenvolven, para o ano 2021, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 27. *Aprazamento de débedas tributarias.*

1. No ámbito das competencias da Administración tributaria do Estado, para os efectos dos aprazamentos a que se refire o artigo 65 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, concederase o aprazamento do ingreso da débeda tributaria correspondente a todas aquelas declaracións-liquidacións e autoliquidacións cuxo prazo de presentación e ingreso finalice desde o día seguinte ao da entrada en vigor desta norma ata o día 31 xaneiro de 2022, ambos inclusive, sempre que as solicitudes presentadas ata esa data reúnan os requisitos a que se refire o artigo 82.2.a) da citada lei.

2. Este aprazamento será aplicable tamén ás débedas tributarias a que fan referencia as letras b), f) e g) do artigo 65.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Será requisito necesario para a concesión do aprazamento que o debedor sexa unha persoa ou entidade que teña o seu domicilio fiscal no ámbito territorial a que se refire o Acordo do Consello de Ministros, do 28 setembro de 2021, polo que se declara a illa de La Palma (Santa Cruz de Tenerife) «Zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil» e se impulsan medidas urxentes para mitigar os danos

provocados pola erupción volcánica na zona de Montaña Rajada, termo municipal de El Paso.

4. As condicións do aprazamento serán as seguintes:

- a) O prazo será de doce meses.
- b) Non se devindicarán xuros de demora durante o primeiros tres meses do aprazamento.

Artigo 28. *Deducións fiscais para a recuperación do patrimonio cultural da illa de La Palma.*

De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante o exercicio de 2021 terá a consideración de actividade prioritaria de mecenado a recuperación do patrimonio cultural da illa de La Palma.

Iso sen prexuízo das deducións fiscais que poida adoptar a Comunidade Autónoma de Canarias, de conformidade co disposto na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Artigo 29. *Medidas en materia catastral.*

1. Estarán exentas da taxa de acreditación catastral, establecida no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, a expedición por parte da Dirección Xeral do Catastro de certificacións sobre inmobles situados en municipios directamente afectados polas erupcións volcánicas acaecidas na illa de La Palma desde setembro de 2021.

2. A Dirección Xeral do Catastro habilitará na illa de La Palma un servizo de atención ao público en materia catastral. O dito servizo atenderase de maneira telemática e presencial con cita previa, para facilitar xestións e certificacións na illa, así como calquera outro asunto relacionado co Catastro. Este servizo reforzará o xa prestado pola Oficina Local de Información de La Palma e polos puntos de información catastral existentes na illa.

Artigo 30. *Bonificación extraordinaria en incentivos rexionais.*

O Ministerio de Facenda e Función Pública potenciará os investimentos empresariais na illa de La Palma, mellorando o tratamento da dita illa no sistema de incentivos rexionais regulados na Lei 50/1985, do 27 de decembro, e a súa normativa de desenvolvemento, para o cal lles concederá a todos os proxectos que sexan cualificados favorablemente en aplicación da dita normativa unha bonificación adicional de cinco puntos porcentuais sobre a porcentaxe que resulte da súa cualificación, sen que con esta bonificación se poida superar o límite máximo de axudas da zona establecido pola Comisión Europea.

TÍTULO VI

Medidas en materia de mobilidade, subministracións e de apoio ás infraestruturas

Artigo 31. *Contrato de navegación Canarias-Península.*

Para facilitar a mobilidade de persoas e bens, como instrumento de impulso da súa actividade económica, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana incluírá como prestación, nos contratos de navegación de interese público Península-Canarias que subscriba coas compañías marítimas, aquelas escalas necesarias para a conexión da illa de La Palma coa Península e co resto das illas maiores do arquipélago canario.

Artigo 32. *Flexibilización dos contratos de subministración de electricidade para autónomos e empresas afectados pola erupción volcánica da illa de La Palma.*

1. Excepcionalmente, e durante un período de seis meses contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei, os puntos de subministración de electricidade situados na illa de La Palma, titularidade de autónomos que acrediten a dita condición mediante a súa alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou asimilable, e empresas poderanse acoller ás seguintes medidas:

a) En calquera momento, poderán suspender temporalmente ou modificar os seus contratos de subministración, ou as prórrogas dos ditos contratos, para contratar outra oferta alternativa co comercializador con quen teñen contrato vixente, co obxecto de adaptar os seus contratos ás súas novas pautas de consumo, sen que proceda ningún cargo en concepto de penalización.

b) Os distribuidores atenderán as solicitudes de cambio de potencia, con independencia de que o consumidor modifícase voluntariamente as condicións técnicas do seu contrato de acceso de terceiros á rede, nun prazo inferior a doce meses, e aínda que non se producise ningún cambio na estrutura de peaxes de acceso ou cargos que o afecte. Cando as solicitudes non se poidan atender por medios remotos, as actuacións de campo que, de ser o caso, fosen necesarias estarán suxeitas aos plans de continxencia adoptados e comunicados pola empresa distribuidora.

2. Unha vez finalizado o período de seis meses do punto anterior, no prazo de tres meses o consumidor que solicitase a suspensión do seu contrato de subministración poderá solicitar a súa reactivación.

Así mesmo, no mesmo prazo de tres meses anterior, o consumidor que solicitase a modificación do seu contrato de subministración ou a modificación dos parámetros técnicos do contrato de acceso de terceiros á rede, prevista no punto anterior, poderá solicitar unha nova modificación do contrato de subministración ou uns novos valores dos parámetros técnicos do contrato de acceso de terceiros á rede.

3. As reactivacións do contrato de subministración e as modificacións dos contratos anteriormente sinaladas realizaranse no prazo máximo de cinco días naturais e sen que proceda a repercusión de ningún custo sobre o consumidor, coa excepción:

a) Dos pagamentos por dereitos de extensión por incrementos de potencia contratada por riba do limiar contratado con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

b) Dos pagamentos por supervisión de instalacións cedidas, de ser o caso, e,

c) No caso de que resultase necesario o cambio dos equipamentos de medida, do pagamento de actuacións sobre os equipamentos de control e medida previstos no capítulo VII do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía de retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.

Na aplicación, de ser o caso, dos pagamentos anteriormente citados observarase o previsto no capítulo VII do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía de retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.

No caso de que a nova modificación de potencia non supere o limiar contratado con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, tampouco se aplicará o disposto no artigo 83.5 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración de electricidade e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sobre a revisión das instalacións de máis de vinte anos.

Artigo 33. *Aprazamento de facturas correspondentes a contratos de subministración de electricidade para autónomos afectados pola erupción volcánica da illa de La Palma.*

1. Excepcionalmente, e durante un período de seis meses contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei, os puntos de subministración de enerxía eléctrica situados na illa de La Palma, titularidade de autónomos que acrediten a dita condición mediante a súa alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou asimilable e pequenas e medianas empresas, tal e como se definen no anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión Europea, poderanlle solicitar ao seu comercializador ou, de ser o caso, ao seu distribuidor, a suspensión do pagamento das facturas que correspondan a períodos de facturación que conteñan días integrados no período anterior, incluídos todos os seus conceptos de facturación.

Na solicitude dos consumidores deberán aparecer claramente identificados o titular do punto de subministración e o Código universal de punto de subministración (CUPS).

2. Nestes casos, as comercializadoras de electricidade quedarán eximidas da obriga de aboar a peaxe de acceso ás redes de transporte e distribución e cargos do sistema eléctrico correspondente ás facturas aprazadas á empresa distribuidora, establecida na alínea d) do artigo 46.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ata que o consumidor aboe a factura completa.

3. As comercializadoras deberanlle comunicar á distribuidora a información relativa aos titulares de puntos de subministración e os CUPS asociados, que solicitaron a suspensión do pagamento conforme o punto anterior.

4. As comercializadoras de electricidade quedarán eximidas da liquidación do imposto xeral indirecto canario, de ser o caso, correspondente ás facturas cuxo pagamento fose suspendido en virtude desta medida, ata que o consumidor as aboase de forma completa ou transcorresen seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

5. Unha vez finalizado o período a que fai referencia o número un, as cantidades debidas regularizaranse a partes iguais nas facturas emitidas polas comercializadoras de electricidade, correspondentes aos períodos de facturación en que se integren os seguintes seis meses. Os autónomos e as empresas que se acollan á suspensión da facturación recollida neste artigo non poderán cambiar de comercializadora de electricidade mentres non se completase a dita regularización.

Artigo 34. *Resolución e suspensión temporal dos contratos de subministración de enerxía eléctrica afectados pola erupción volcánica da illa de La Palma.*

1. Consideraranse resoltos os contratos de subministración asociados a CUPS que se visen afectados de maneira irreversible como consecuencia da erupción volcánica da illa de La Palma, sen ningún custo para os consumidores finais.

2. Suspenderase temporalmente os contratos de subministración e de acceso de terceiros á rede naqueles casos en que a subministración de enerxía eléctrica fose interrompida por razón da situación de emerxencia antes mencionada. Igualmente, a dita suspensión farase sen ningún custo para os consumidores finais, así como a reactivación dos ditos contratos unha vez que se poida recuperar a subministración en enerxía eléctrica en condicións de seguridade para as persoas e instalacións afectadas.

Artigo 35. *Réxime de axudas a entidades locais para as obras de reparación, restitución ou reconstrución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos de titularidade municipal ou insular.*

1. O Ministerio de Política Territorial poderalles conceder subvencións aos concellos e ao Cabido Insular de La Palma para executar os proxectos directamente relacionados cos sinistros a que se refire o artigo 1 e que teñan por obxecto a realización de obras de reparación, restitución ou reconstrución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións

e servizos de titularidade municipal ou insular, incluídas en todo caso as obras de reparación, restitución ou reconstrución da rede viaria.

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, concederáselle ao Cabido Insular de La Palma unha subvención de 500.000 euros para financiar as obras de emerxencia na rede viaria insular que permitan garantir a mobilidade na zona afectada ata que se poidan acometer as actuacións de reparación, restitución ou reconstrución das vías danadas directamente polo sinistro.

3. Facúltase a persoa titular do Ministerio de Política Territorial para establecer o procedemento e as condicións para a concesión directa das subvencións establecidas nos puntos anteriores, así como o seu seguimento e control.

Artigo 36. Medidas de apoio e cooperación para o restablecemento de infraestruturas na rede de estradas.

Autorízase a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para adoptar as medidas que se consideren máis adecuadas para o apoio á Comunidade Autónoma de Canarias na busca de solucións para o restablecemento das infraestruturas na rede de estradas afectadas pola erupción do volcán e posterior execución das obras.

As medidas de apoio e cooperación indicadas formalizaranse a través dos correspondentes instrumentos xurídicos, de acordo coa Lei de réxime xurídico do sector público, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 37. Medidas de apoio e cooperación para o restablecemento de infraestruturas sanitarias.

Autorízase a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Sanidade, para adoptar as medidas que se consideren máis adecuadas para o apoio á Comunidade Autónoma de Canarias na busca de solucións para o restablecemento das infraestruturas sanitarias afectadas pola erupción do volcán e posterior execución das obras.

As medidas de apoio e cooperación indicadas formalizaranse a través dos correspondentes instrumentos xurídicos, de acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro.

TÍTULO VII

Medidas relativas ao sector agrario e pesqueiro

Artigo 38. Axudas directas para a compensación dos prexuízos producidos a titulares de explotacións agrarias.

1. Concederanse axudas, en réxime de concesión directa conforme o artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, que compensen os prexuízos producidos aos titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras situadas no ámbito xeográfico de aplicación deste real decreto lei como consecuencia dos danos rexistrados nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro que carezan de cobertura por riscos extraordinarios do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. Así mesmo, as autoridades competentes poderán restaurar, no posible, as infraestruturas rurais de uso colectivo á situación anterior á catástrofe, aplicando os beneficios establecidos na Lei de reforma e desenvolvemento agrario, e poderán introducir na clasificación das obras previstas no título II do seu libro III as modificacións impostas polas peculiares características dos danos sufridos. Para tales efectos, poderase declarar de emerxencia a tramitación dos contratos das obras de reposición de infraestruturas rurais de uso colectivo que sexa necesario executar cando cumpra, de

acordo co previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, así como a urxente ocupación para efectos expropiatorios.

3. Estas axudas deberán ser compatibles con calquera medida impulsada pola comunidade autónoma no marco das axudas de Estado e, especialmente, coas medidas previstas na programación de desenvolvemento rural.

Artigo 39. Axudas directas para a compensación dos prexuízos producidos no sector da pesca e da acuicultura.

1. Concederánselles axudas aos armadores e tripulantes dos buques pesqueiros con porto base en Tazacorte, de ser o caso ampliable a buques doutros portos, en réxime de concesión directa conforme o artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 27 de novembro, que compensen os prexuízos económicos producidos aos armadores e tripulantes de buques afectados como consecuencia dos acontecementos obxecto deste real decreto lei ou que se víron imposibilitados para saír faenar polos ditos acontecementos.

2. Así mesmo, concederánselles axudas aos propietarios de buques e de lonxas, de instalacións de acuicultura en mar e terra, en réxime de concesión directa conforme o artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 27 de novembro, que compensen as perdas ou prexuízos producidos como consecuencia da erupción volcánica.

3. Igualmente, as autoridades competentes poderán adoptar medidas encamiñadas á mitigación da posible perda de biodiversidade mariña que poidan ter incidencia na actividade pesqueira, de acordo co disposto na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e demais normativa de aplicación.

Artigo 40. Xestión das axudas.

1. As axudas e actuacións previstas nos dous artigos precedentes xestionarás a Comunidade Autónoma de Canarias, para o cal o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación lle concederá unha subvención directa ao Goberno de Canarias.

As razóns de interese público que concorren na concesión desta subvención de carácter singular determinan a improcedencia da súa convocatoria pública.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables os que se axusten de modo indubitado ao logro dos fins mencionados nos dous artigos precedentes, para a compensación dos danos referidos e as actuacións previstas.

3. Será beneficiario da subvención o Goberno de Canarias, que quedará suxeito ás obrigacións previstas na resolución de concesión.

4. A concesión da subvención formalizarase mediante orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación en que se detallará o órgano do Goberno de Canarias destinatario dos fondos para cada unha das actividades subvencionables, así como, de ser o caso, as medidas de coordinación e determinación dos danos que cómpre compensar e as actuacións que procedan.

5. A subvención prevista en ambos os artigos financiarase mediante transferencia directa con cargo aos créditos que se habiliten no orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

6. O Goberno de Canarias deberá xustificar, ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, os investimentos ou gastos realizados tras a entrada en vigor deste real decreto lei mediante a presentación de conta xustificativa, segundo se regula no artigo 72 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que conterá unha memoria de actuación xustificativa da realización das actividades obxecto de subvención e unha memoria económica dos desembolsos realizados.

7. Os remanentes que poidan existir ao finalizar o exercicio 2021 poderán ser incorporados ao exercicio seguinte.

8. Os importes que non se empregasen nestes fins deberanse reintegrar ao Estado.

Artigo 41. *Promoción do emprego de solo de carácter público para recolocar explotacións.*

Os poderes públicos promoverán a permuta de predios afectados por outros de titularidade pública en que se poidan recolocar as explotacións agroalimentarias afectadas polos acontecementos obxecto deste real decreto lei.

Artigo 42. *Actuacións en relación co financiamento de avais.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá poñer á disposición dos operadores económicos, dentro do seu ámbito de competencia, cuxa actividade se puidese ver afectada pola concorrencia de situacións de alteración das condicións habituais de actividade, liñas de financiamento en que subvencionará, en réxime de concesión directa conforme o artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 27 de novembro, o custo dos avais da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) que son necesarios para a obtención de préstamos, co obxecto de garantir a viabilidade e o normal funcionamento do sector.

Artigo 43. *Consideración de forza maior.*

A afectación dos produtores primarios polos acontecementos obxecto deste real decreto lei considérase causa de forza maior para os efectos de dar por cumpridas as obrigacións contidas nas normas reguladoras da súa actividade.

TÍTULO VIII

Medidas de recuperación en materia de biodiversidade e espazos naturais protexidos

Artigo 44. *Axudas destinadas a recuperar o contorno socioeconómico e ambiental na Reserva da Biosfera de La Palma, declarada pola UNESCO en 2002.*

1. Co fin de restaurar o contorno socioeconómico e ambiental na Reserva da Biosfera de La Palma (RMBLP), concédese unha subvención directa á «Fundación Canaria Reserva Mundial de la Biosfera La Palma», órgano xestor da RMBLP, de acordo co previsto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Serán obxecto de financiamento as seguintes liñas de actuación:

a) Restauración de ecosistemas degradados e de infraestruturas para a conservación dos recursos naturais.

b) Apoio á produción, promoción e comercialización de produtos locais e outras medidas de fomento do desenvolvemento sustentable, sustentabilidade do turismo, recuperación paisaxística, medidas de apoio ao manexo agroecolóxico e forestal sustentable e posta en valor dos coñecementos tradicionais, promovendo a eficiencia dos recursos.

3. A concesión desta subvención realizarase mediante unha resolución da persoa titular da Vicepresidencia do organismo autónomo «Parques Nacionais», que se ditará logo de presentación, por parte da entidade beneficiaria, dun programa de actuacións e dun orzamento desagregado, así como dunha declaración responsable pola cal acredite o cumprimento dos requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria, nos termos establecidos polo artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. A resolución de concesión recollerá, en todo caso, o obxecto, as actuacións concretas subvencionables, o procedemento de pagamento e o procedemento para a xustificación da subvención, con base no establecido neste artigo.

5. A proposta de pagamento da subvención efectuarase, con carácter anticipado á súa xustificación, tras a resolución de concesión da subvención. De acordo co

artigo 42.2.d) do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a «Fundación Canaria Reserva Mundial de la Biosfera La Palma» queda exonerada da constitución de garantías.

6. A xustificación realizarase, conforme o establecido no capítulo II do título II do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de de novembro, xeral de subvencións, mediante a remisión dunha conta xustificativa que acredite a realización da actividade e o cumprimento da súa finalidade e da documentación xustificativa da subvención.

7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas nos termos e polas causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

O procedemento de reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no capítulo II do título III do seu regulamento, da Lei 38/2003, do 17 de de novembro, xeral de subvencións.

O órgano competente para exixir o reintegro da subvención concedida será a persoa titular da Vicepresidencia do organismo autónomo «Parques Nacionais».

8. Esta subvención será obxecto de publicidade na Base de datos nacional de subvencións, de conformidade co establecido no artigo 6 do Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, e no artigo 30 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9. A «Fundación Canaria Reserva Mundial de la Biosfera La Palma» deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións mediante a inclusión da imaxe institucional do organismo autónomo «Parques Nacionais», así como de lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

10. Esta subvención de concesión directa por importe de 15 millóns de euros atenderase con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite no orzamento do organismo autónomo «Parques Nacionais» no concepto orzamentario do artigo 75 do programa 456C.

Artigo 45. *Axudas destinadas á recuperación na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional de la Caldera de Taburiente.*

1. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do organismo autónomo «Parques Nacionais», efectuará un libramento á Comunidade Autónoma de Canarias de 10.000,00 miles de euros, nunha soa vez, con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite no orzamento do organismo autónomo «Parques Nacionais» na aplicación 23.101.456C.750, adicional ao crédito asignado á dita comunidade autónoma no Acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente do 9 de xullo de 2021.

2. De acordo co Real decreto 1229/2005, do 13 de outubro, polo que se regulan as subvencións públicas con cargo aos orzamentos xerais do Estado nas áreas de influencia socioeconómica (AIS) dos parques nacionais, este libramento articularase a través da correspondente convocatoria que efectúe a comunidade autónoma, que se destinará aos beneficiarios que se prevén no artigo 2, naqueles municipios do AIS do Parque Nacional de La Caldera de Taburiente afectados pola erupción volcánica, co fin de subvencionar as iniciativas recollidas no artigo 3 do citado real decreto.

3. Os remanentes de fondos non comprometidos resultantes ao finalizar o exercicio de 2021 que se encontren en poder da Comunidade Autónoma de Canarias seguirán mantendo o destino específico previsto neste artigo, utilizaranse no exercicio 2022 como situación de tesouraría na orixe como remanentes e non se descontarán do crédito que corresponda ao exercicio 2022 a actuacións nas áreas de influencia dos parques nacionais da Comunidade Autónoma de Canarias.

A Comunidade Autónoma de Canarias remitirá ao organismo autónomo «Parques Nacionais» un estado de execución do exercicio 2021, en que indique as contías totais de compromisos de créditos, obrigacións recoñecidas e pagamentos realizados no ano,

antes do 1 de xullo de 2022. Se houber remanentes que se comprometan en 2022, a información remitirase antes do 1 de novembro de 2022.

Artigo 46. *Axudas á Comunidade Autónoma de Canarias e ao Cabido de La Palma para a prevención e a mitigación de danos á biodiversidade e ao patrimonio natural.*

1. Co fin de desenvolver as actuacións de identificación e predición dos danos á biodiversidade e ao patrimonio natural ocasionados pola erupción do volcán, e a definición e execución das actuacións necesarias para a súa mitigación ou restauración, concédense dúas subvencións directas, unha á Comunidade Autónoma de Canarias e outra ao Cabido de La Palma, polos importes máximos que se establecen no número 5, para a realización dos proxectos que se determinen nas resolucións de concesión, no ámbito das actuacións que se prevén no número 3.

As entidades beneficiarias de ambas as subvencións son a Comunidade Autónoma de Canarias e o Cabido de La Palma, sen prexuízo de que, en ambos os casos, poidan executar os programas e proxectos obxecto da subvención por si mesmas ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.

As ditas subvencións autorízanse atendendo ao carácter singular que deriva das excepciónais circunstancias en que se deben realizar as actividades subvencionadas e dado que concorren razóns de interese público que determinan a improcedencia da súa convocatoria pública, ao abeiro do previsto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Serán obxecto de financiamento as seguintes actuacións, no ámbito competencial de cada Administración beneficiaria, que fosen desenvolvidas desde a data da erupción do volcán ata o 31 de decembro de 2024, prorrogable por un ano:

a) Actuacións de predición e prevención de afeccións ao patrimonio natural e á biodiversidade que poidan derivar directamente ou que se poidan inducir polo proceso de erupción volcánica.

b) Actuacións de identificación e seguimento de afeccións ao patrimonio natural e á biodiversidade, derivadas directamente ou inducidas polo proceso de erupción volcánica.

c) Definición e execución de accións necesarias para a mitigación ou compensación de afeccións ao patrimonio natural e á biodiversidade, derivadas directamente ou inducidas polo proceso de erupción volcánica.

As subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que se obteñan para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, e o seu importe en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, poderá superar o custo da actividade subvencionada.

3. A concesión de cada subvención realizarase mediante resolucións da persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, que se ditarán logo de que cada entidade beneficiaria presente os correspondentes programas de actuacións e orzamento desagregado, así como unha declaración responsable pola cal acredite o cumprimento dos requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria, nos termos establecidos polo artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. Cada resolución de concesión recollerá, en todo caso, o obxecto, as actuacións concretas subvencionables, o procedemento de pagamento e o procedemento para a xustificación da subvención, con base no establecido neste artigo.

5. Estas subvencións de concesión directa por importe de ata 12 millóns de euros no caso da Comunidade Autónoma de Canarias e de ata 3.300.000 euros no caso do Cabido de La Palma atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite no orzamento do servizo 11 do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, nos correspondentes conceptos orzamentarios que se habiliten de maneira específica no programa 456C.

6. Cada proposta de pagamento das subvencións efectuarase, con carácter anticipado á súa xustificación, tras a correspondente resolución de concesión. De acordo co artigo 42.2.a) do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, tanto a Comunidade Autónoma de Canarias coma o Cabido de La Palma quedan exonerados da constitución de garantías pola súa condición de Administración pública.

7. As xustificacións realizaranse, conforme o establecido na disposición adicional novena do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, mediante a remisión dun certificado emitido polo titular do órgano que percibiu a subvención, polo que se acredite a realización da actividade e o cumprimento da súa finalidade, así como dun informe emitido pola Intervención Xeral das administracións beneficiarias que acredite a veracidade e a regularidade da documentación xustificativa da subvención.

8. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas nos termos e polas causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

O procedemento de reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no capítulo II do título III do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de de novembro, xeral de subvencións.

O órgano competente para exixir o reintegro da subvención concedida será a Secretaría de Estado de Medio Ambiente.

9. Cada subvención será obxecto de publicidade na Base de datos nacional de subvencións, de conformidade co establecido no artigo 6 do Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, e no artigo 30 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A Comunidade Autónoma de Canarias e o Cabido de La Palma deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións mediante a inclusión da imaxe institucional da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, así como de lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

TÍTULO IX

Medidas complementarias de apoio aos afectados

CAPÍTULO 1.º

Medidas en materia rexistral e notarial

Artigo 47. *Medidas organizativas en materia rexistral.*

1. O Colexio Oficial de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España adoptará as medidas tecnolóxicas e económicas necesarias para apoiar o rexistro competente, Santa Cruz de la Palma, co fin de habilitar un sistema diario de cita previa presencial ou telemática, para que os afectados poidan consultar o estado das súas propiedades.

2. O Colexio Oficial de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España publicará no xeoportel Rexistradores información gráfica específica que conteña:

- a) O ámbito territorial xeorreferenciado afectado sucesivamente pola lava volcánica.
- b) Identificación de predios con base gráfica rexistrada incluídos na área afectada.
- c) Identificación gráfica de predios sobre parcelario catastral, que asocien datos que permitan a súa xeolocalización.

Artigo 48. *Medidas para a análise do réxime xurídico da titularidade sobre bens inmobles cubertos de lava.*

O Ministerio de Xustiza adoptará as medidas que considere adecuadas para analizar o réxime xurídico da titularidade e cargas dos bens e dereitos sobre inmobles que quedaron cubertos pola lava.

Artigo 49. *Medidas organizativas en materia notarial nas illas Canarias.*

1. O decano do Colexio Notarial das Illas Canarias habilitará os notarios do seu territorio que considere necesarios e que voluntariamente o soliciten, co fin de prestaren o seu servizo na illa de La Palma, e indicará a localidade en que terán aberta a notaría, para atender os afectados e as afectadas pola erupción do volcán Cumbre Vieja. A xurisdición notarial dos habilitados estenderase á illa de La Palma co obxecto de autorizar ou intervir instrumentos cuxa finalidade sexa paliar os danos ocasionados polo episodio volcánico, e a súa competencia acada, polo tanto, única e exclusivamente feitos, actos ou negocios xurídicos relacionados con tal episodio. Estas actuacións non devindicarán dereitos arancelarios.

2. A Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública, logo de solicitude do decano do Colexio das Illas Canarias, poderá habilitar notarios doutros colexios notariais que voluntariamente o soliciten para os efectos do punto anterior.

3. Os notarios habilitados, mentres dure a habilitación, terán a súa residencia na localidade designada no nomeamento e estarán baixo a dependencia xerárquica do Colexio Notarial das Illas Canarias.

4. Os documentos que autoricen incorporaranse a un protocolo especial, libro de rexistro especial e aos correspondentes libros indicadores. Estes libros e demais documentos que integren o arquivo, unha vez finalizada a súa habilitación, quedarán depositados no Arquivo xeral de protocolos do distrito de Los Llanos de Aridane.

5. En razón ás habilitacións efectuadas, e polo tempo da súa duración, as xuntas directivas do respectivo colexio a que pertencese o notario habilitado realizarán as necesarias adaptacións no réxime de substitucións co fin de que non quede desatendida a notaría de procedencia daqueles.

6. As adaptacións a que se refire o punto anterior subsistirán mentres a Xunta Directiva non acorde o contrario ou as modifique.

7. O Consello Xeral do Notariado colaborará co Colexio das Illas Canarias e cos notarios habilitados e, de ser o caso, poderalles facilitar medios tecnolóxicos e económicos.

CAPÍTULO 2.º

Medidas relativas aos servizos sociais

Artigo 50. *Subvención para financiar prestacións básicas de servizos sociais.*

1. O Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 poderá conceder unha subvención por importe de cinco (5) millóns de euros á Comunidade Autónoma de Canarias para financiar prestacións básicas de servizos sociais que desenvolverán as entidades locais (municipios e cabidos) da illa afectada pola erupción volcánica.

2. A entidade beneficiaria desta subvención é a Comunidade Autónoma de Canarias, que implementará e reforzará as actuacións obxecto da subvención a través dos municipios e cabidos da Comunidade Autónoma de Canarias afectados pola erupción volcánica, como colaboradores necesarios da comunidade autónoma, encomendándolles a posta en marcha e execución das prestacións básicas de servizos sociais.

3. Serán subvencionables os gastos de persoal e os gastos correntes derivados da execución das seguintes actuacións:

a) A información e a orientación que faciliten o acceso equitativo aos recursos sociais.

b) O reforzo de actuacións de axuda a domicilio, para garantir a atención directa a persoas que o precisen, ben en domicilio ou en aloxamentos alternativos que non contén con esta prestación.

c) A xestión e administración dos aloxamentos alternativos na actual situación de crise, que poderán ser de carácter temporal ou indefinido de acordo coas circunstancias que o determinen.

d) O apoio ás unidades de convivencia, mediante intervencións de carácter social, psicolóxico e educativo para favorecer a normalización da situación de crise.

e) As actuacións de reforzo á inclusión social, en coordinación con outros sistemas de protección social.

f) O fomento da cooperación social, para canalizar as actitudes solidarias e a acción voluntaria, así como prestar colaboración económica a entidades de iniciativa social, no reforzo de prestacións básicas de servizos sociais, para dar resposta a situacións problemáticas neste contexto de excepcionalidade e urxencia social.

g) As prestacións e axudas económicas directas ás familias afectadas.

4. Poderase subcontratar, ben directamente, ben a través das entidades locais (municipios e cabido) da illa afectada, ata o cen por cento da actividade subvencionada, nos termos previstos no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 68 do seu regulamento.

5. O período de execución das actuacións subvencionadas comprenderá desde o 1 de outubro de 2021 ata o 30 de setembro de 2023.

6. A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

7. A Comunidade Autónoma de Canarias poderá solicitar, con carácter excepcional, a modificación do contido da orde de concesión cando concorran circunstancias sobrevidas que alteren ou dificulten o seu cumprimento, sempre que non supoña cambios esenciais dos contidos na orde de concesión.

CAPÍTULO 3.º

Medidas en materia de atención a vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres e de delitos de odio

Artigo 51. *Subvención extraordinaria para atender vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres e de delitos de odio.*

1. Concederáselle unha subvención directa ao Goberno de Canarias para o financiamento de medidas de prevención e atención a vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra as mulleres e a vítimas de delitos de odio afectadas pola catástrofe.

As razóns de interese público que concorren na concesión desta subvención de carácter singular determinan a improcedencia da súa convocatoria pública.

2. Terán a condición de actividades subvencionables:

a) O desenvolvemento de medidas de formación e elaboración de ferramentas para capacitar o conxunto de profesionais que interveñen coa poboación afectada para a detección, primeira atención e derivación adecuada das vítimas de violencia contra as mulleres.

b) O desenvolvemento de campañas de información dirixidas a vítimas de violencia contra as mulleres e vítimas de delitos de odio, sobre os seus dereitos e os recursos á súa disposición.

c) O arrendamento de inmobles destinados a garantir o dereito a un aloxamento seguro, de emerxencia ou acollida, ás vítimas de todas as formas de violencia contra as

mulleres, incluídas, de modo prioritario, as vítimas de violencia de xénero na parella ou exparella e as vítimas de trata e explotación sexual.

d) A contratación de equipos de persoal especializado, co fin de garantir a prestación dos servizos de prevención e asistencia social integral, consistentes principalmente en orientación psicolóxica, pero tamén xurídica e social, destinadas ás vítimas de todas as formas de violencia contra as mulleres, incluídas as persoas menores de idade.

e) A contratación de equipos de orientación e asistencia psicolóxica, social e xurídica destinados ás vítimas de delitos de odio, especialmente os causados por LGTBIfobia e por motivos de discriminación racial.

3. Será beneficiario desta subvención o Goberno de Canarias, que quedará suxeito ás obrigacións previstas na resolución de concesión. A concesión da subvención formalizarase mediante resolución da persoa titular do Ministerio de Igualdade, en que se detallará o órgano do Goberno de Canarias destinatario de cada unha das actividades subvencionables.

4. O Goberno de Canarias dispoñerá dun prazo máximo de vinte días, contados desde a notificación da resolución, para aceptar de forma expresa a subvención.

5. A subvención prevista neste artigo financiarase mediante transferencia directa por un importe máximo de 500.000 euros con cargo aos créditos orzamentarios do Ministerio de Igualdade.

6. O Goberno de Canarias deberá xustificar, ante o Ministerio Igualdade, os investimentos ou gastos realizados tras a entrada en vigor deste real decreto lei mediante a presentación de conta xustificativa, segundo se regula no artigo 72 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, que conterá unha memoria de actuación xustificativa da realización das actividades obxecto de subvención e unha memoria económica dos desembolsos realizados.

7. Os remanentes que poidan existir ao finalizar o exercicio 2021 poderán ser incorporados ao exercicio seguinte.

CAPÍTULO 4.º

Medidas en materia de ciencia e investigación

Artigo 52. *Medidas de actuación e fomento no ámbito científico, técnico e investigador.*

1. O Ministerio de Ciencia e Innovación poderá conceder axudas, en réxime de concesión directa conforme o artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, co fin de promover a realización de cantas actuacións no ámbito da investigación científica e técnica se consideren precisas co fin de estudar as erupcións volcánicas na illa de La Palma e os riscos e consecuencias asociadas a elas, por parte de entidades de dereito público e privado cuxo obxecto sexa a realización de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación neste ámbito.

2. O Ministerio de Ciencia e Innovación poderá subscribir cantos instrumentos de colaboración e cooperación resulten adecuados coa Comunidade Autónoma das Illas Canarias e as entidades locais da illa de La Palma, co fin de promover o estudo científico das erupcións volcánicas, incluíndo a posibilidade de concesión de subvencións e axudas públicas ás ditas administracións públicas para a realización conxunta de investigacións científicas e dos traballos técnicos que resulten imprescindibles para o mellor desenvolvemento.

Os ditos instrumentos determinarán as distintas axudas que se prevexan e a súa contía máxima.

3. O Ministerio de Ciencia e Innovación promoverá cantas actuacións sexan precisas para garantir a continuidade da actividade científica, técnica e investigadora desenvolvida polas administracións públicas e entidades vinculadas, dependentes ou adscritas a elas que se vexan afectadas polas erupcións volcánicas na illa de La Palma e

que desenvolvan as ditas competencias, incluíndo as medidas de fomento e concesión de axudas e subvencións públicas, así como de apoio ao desenvolvemento das ditas actividades, mediante calquera instrumento xurídico válido en dereito, para o cal se realizarán, de ser o caso, as oportunas modificacións orzamentarias de conformidade co sinalado na disposición adicional primeira e de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional primeira. *Créditos orzamentarios.*

As medidas contidas neste real decreto lei financiaranse de conformidade co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e serán atendidas con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes nos departamentos ministeriais e organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes deles.

Naqueles casos en que se acrediten insuficiencias orzamentarias nos departamentos ministeriais, as actuacións recollidas neste real decreto lei poderanse financiar con cargo ao Fondo de continxencia de execución orzamentaria. En todo caso, nos termos previstos no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, a aplicación do Fondo de continxencia aprobarase mediante acordo do Consello de Ministros.

Disposición adicional segunda. *Axilización xudicial.*

Unha vez finalizada a situación provocada pola erupción do volcán Cumbre Vieja na illa de La Palma, o Ministerio de Xustiza, valoradas as circunstancias existentes, poderá acordar, no prazo máis breve posible, un plan de actuación, con medidas organizativas, e dentro do marco do seu ámbito competencial, para axilizar a actividade xudicial, coa finalidade de contribuír ao obxectivo de restablecer o funcionamento ordinario dos órganos xudiciais afectados tras a superación desta crise natural.

Disposición adicional terceira. *Declaración de interese xeral de determinadas obras.*

1. Decláranse de interese xeral da Administración xeral do Estado as seguintes obras:

a) As de reparación, consolidación e modernización, así como as de mellora da conectividade das infraestruturas hidráulicas para garantir a necesaria subministración de auga para rega e outros usos nas zonas afectadas polos sinistros a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei.

b) As necesarias para a infraestrutura pesqueira.

c) As de reparación, conservación ou protección dos medios asignados á Reserva Mariña da illa de La Palma.

d) As necesarias para a reconstrución ou restitución de infraestruturas de estradas.

2. As obras incluídas nesta disposición levarán implícita a declaración de utilidade pública e de urxencia para os efectos previstos nos artigos 9, 10, 11 e 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

3. A execución destas obras enténdese incluída na declaración urxente da ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire o número cuarto.2 do Acordo do Consello de Ministros do 28 setembro de 2021.

4. Os departamentos ministeriais competentes establecerán o mecanismo adecuado para a execución das obras e a súa tramitación urxente, así como para o seu financiamento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

O texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, queda modificado no seguintes termos:

Engádesse un novo número 32 ao artigo 45.I.B), coa seguinte redacción:

«32. As escrituras de formalización das moratorias de préstamos e créditos hipotecarios ou sen garantía hipotecaria que se produzan en aplicación da suspensión das obrigacións de pagamento de xuros e principal conforme os artigos 15 a 21 do Real decreto lei 20/2021, do 5 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes de apoio aos afectados para a reparación dos danos ocasionados polas erupcións volcánicas e para a reconstrución económica e social da illa de La Palma.»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

O título III deste real decreto lei dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.7.^a e 17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, e de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

O capítulo 1.^o do título IV dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.8.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases das obrigacións contractuais.

O capítulo 2.^o do título IV dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 6.^a, 8.^a, e 11.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación mercantil; lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento por parte das comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan, e de bases da ordenación de crédito e banca.

O título V deste real decreto lei dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.14.^a da Constitución española, que establece que o Estado ten competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

O artigo 31 do título VI deste real decreto lei ampárase no disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución española, que lle outorga competencia exclusiva ao Estado en materia de mariña mercante.

Os artigos 32 a 34 do título VI deste real decreto lei ampáranse no disposto no artigo 149.1.25.^a da Constitución española, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases do réxime mineiro e enerxético.

Os artigos 38 a 43 do título VII deste real decreto lei ampáranse no disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que establece que o Estado ten competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

O título VIII deste real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución española, que establece que o Estado ten a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

O capítulo 1.º do título IX e a disposición adicional segunda deste real decreto lei dítanse ao abeiro do previsto no artigo 149.1.8.^a da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento por parte das comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan.

Os capítulos 2.º e 3.º do título IX deste real decreto lei dítanse ao abeiro do previsto no artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que establece a competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

O capítulo 4.º do título IX deste real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.15.^a da Constitución española, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva en materia de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

A disposición adicional terceira deste real decreto lei dítase en virtude do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que lle outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación sobre expropiación forzosa.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN